Concello de
Vilagarcía de Arousa
Fundación de Deportes

Praza Ravella, 1
36600 · Vilagarcía de Arousa
T 986 56 68 98
CIF: P/8660001-B
fdeportes@vilagarcia.es ·www.vilagarcia.es

RESOLUCIÓN DO SR. PRESIDENTE DA FUNDACIÓN PÚBLICA DE SERVIZOS DEPORTIVOS MUNICIPAIS DO EXCMO. CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA D. CARLOS COIRA LOJO

Vista a Resolución do Sr. presidente con data 21/02/2025 no que se aproba ao CLUB VILAGARCIA S.D., para a celebración do I TORNEO ALEVÍN VILAGARCÍA, o vindeiro día 1 de maio do presente ano, a concesión de 3 trofeos para a entrega de premios. Así como visto o informe-proposta do Sr. Presidente conforme ao informe-proposta da Dirección Deportiva, para a aprobación do orzamento presentado por DEPORTES RODAS VILAGARCIA, S.L.,pola adquisición dos citados trofeos, por un importe total de 43,75 € (IVE incluído).

Asemade vista a dilexencia do Sr. Interventor Xeral en relación ao asunto.

De conformidade co disposto nos vixentes Estatutos da Fundación de Deportes.

R E S O L V O:

1.- Adxudicar á empresa DEPORTES RODAS VILAGARCÍA, S.L., a adquisición de 3 trofeos para a entrega de premios no I TORNEO ALEVÍN VILAGARCÍA, o vindeiro día 1 de maio do presente ano, a tráves dun Contrato Menor de Subministros, por importe total de 43,75 € (IVE incluído), con cargo á partida 342-226,9901.

2.- Que a presente Resolución sexa dada conta ao Consello Reitor da Fundación de Deportes, na vindeira sesión que celebre.

Así o dispón e asina o Sr. presidente da Fundación de Deportes, en Vilagarcía de Arousa, a catro de marzo de dous mil vinte e cinco, ante mín a Secretaria Xeral, que Certifica.

Concello de
Vilagarcía de Arousa
Fundación de Deportes

Praza Ravella, 1
36600 · Vilagarcía de Arousa
T 986 56 68 98
CIF: P/8660001-B
fdeportes@vilagarcia.es ·www.vilagarcia.es

RESOLUCIÓN DO SR. PRESIDENTE DA FUNDACIÓN PÚBLICA DE SERVIZOS DEPORTIVOS MUNICIPAIS DO EXCMO. CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA D. CARLOS COIRA LOJO

Vista a Resolución do Sr. presidente con data 20/02/2025, no que se aproba ao CLUB VILAGARCIA S.D., para a celebración do II TORNEO PREBENXAMÍN VILAGARCIA, o vindeiro día 18 de maio do presente ano, a concesión de 3 trofeos para a entrega de premios. Así como visto o informe-proposta do Sr. Presidente conforme ao informe-proposta da Dirección Deportiva, para a aprobación do orzamento presentado por DEPORTES RODAS VILAGARCIA, S.L.,pola adquisición dos citados trofeos, por un importe total de 43,75 € (IVE incluído).

Asemade vista a dilexencia do Sr. Interventor Xeral en relación ao asunto.

De conformidade co disposto nos vixentes Estatutos da Fundación de Deportes.

R E S O L V O:

1.- Adxudicar á empresa DEPORTES RODAS VILAGARCÍA, S.L., a adquisición de 3 trofeos para a entrega de premios no II TORNEO PREBENXAMÍN VILAGARCIA, o vindeiro día 18 de maio do pesente ano, a tráves dun Contrato Menor de Subministros, por importe total de 43,75 € (IVE incluído), cpn cargo á partida 342-226,9901.

2.- Que a presente Resolución sexa dada conta ao Consello Reitor da Fundación de Deportes, na vindeira sesión que celebre.

Así o dispón e asina o Sr. presidente da Fundación de Deportes, en Vilagarcía de Arousa, a catro de marzo de dous mil vinte e cinco, ante mín a Secretaria Xeral, que Certifica.

Concello de
Vilagarcía de Arousa
Fundación de Deportes

Praza Ravella, 1
36600 · Vilagarcía de Arousa
T 986 56 68 98
CIF: P/8660001-B
fdeportes@vilagarcia.es ·www.vilagarcia.es

RESOLUCIÓN DO SR. PRESIDENTE DA FUNDACIÓN PÚBLICA DE SERVIZOS DEPORTIVOS MUNICIPAIS DO EXCMO. CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA D. CARLOS COIRA LOJO

Vista a Resolución do Sr. presidente con data 20/02/2025 no que se aproba ao CLUB VILAGARCIA S.D., para a celebración do II TORNEO BENXAMÍN RATIBROM VILAGARCÍA, o vindeiro día 17 de maio do presente ano, a concesión de 3 trofeos para a entrega de premios. Así como visto o informe-proposta do Sr. Presidente conforme ao informe-proposta da Dirección Deportiva, para a aprobación do orzamento presentado por DEPORTES RODAS VILAGARCIA, S.L.,pola adquisición dos citados trofeos, por un importe total de 43,75 € (IVE incluído).

Asemade vista a dilexencia do Sr. Interventor Xeral en relación ao asunto.

De conformidade co disposto nos vixentes Estatutos da Fundación de Deportes.

R E S O L V O:

1.- Adxudicar á empresa DEPORTES RODAS VILAGARCÍA, S.L., a adquisición de 3 trofeos para a entrega de premios no II TORNEO BENXAMÍN RATIBROM VILAGARCÍA, o vindeiro día 17 de maio do presente ano, a tráves dun Contrato Menor de Subministros, por importe total de 43,75 € (IVE incluído), con cargo á partida 342-226,9901.

2.- Que a presente Resolución sexa dada conta ao Consello Reitor da Fundación de Deportes, na vindeira sesión que celebre.

Así o dispón e asina o Sr. presidente da Fundación de Deportes, en Vilagarcía de Arousa, a catro de marzo de dous mil vinte e cinco, ante mín a Secretaria Xeral, que Certifica.

Concello de
Vilagarcía de Arousa
Fundación de Deportes

Praza Ravella, 1
36600 · Vilagarcía de Arousa
T 986 56 68 98
CIF: P/8660001-B
fdeportes@vilagarcia.es ·www.vilagarcia.es

RESOLUCIÓN DO SR. PRESIDENTE DA FUNDACIÓN PÚBLICA DE SERVIZOS DEPORTIVOS MUNICIPAIS DO EXCMO. CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA D. CARLOS COIRA LOJO

Visto o informe-proposta do Sr. presidente conforme ao informe-proposta do Sr. Encargado do Servizo de Mantemento das Instalacións Deportivas, relativa á necesidade da revisión dos extintores das Instalacións Deportivas Municipais, para o ano 2025, conforme ao Real Decreto 513/2017 do 12 de xuño de 2017 que regula a normativa do mantemento de extintores portátiles contra incendios e, para o que se solicitou un só presuposto á empresa especializada do sector RAÍDO ESPIÑO, JULIO (EXTINTORES CUNTIS), por importe total de 895,40 € (IVE incluído).

Así como vista dilixencia do Sr. Interventor Xeral en relación ao Asunto.

De conformidade co disposto nos vixentes Estatutos da Fundación de Deportes.

R E S O L V O:

1.- Adxudicar á empresa RAÍDO ESPIÑO, JULIO (EXTINTORES CUNTIS), a través dun contrato Menor de Servizos, a realización da revisión e retimbrado dos extintores das Instalacións Deportivas Municipais, para o ano 2025, conforme ao Real Decreto 513/2017 do 12 de xuño de 2017 que regula a normativa do mantemento de extintores portátiles contra incendios, por importe total de 895,40 € (IVE incluído), con cargo á partida 342-213,00.

2.- Que a presente Resolución sexa dada conta ao Consello Reitor da Fundación de Deportes, na vindeira sesión que celebre.

Así o dispón e asina o Sr. presidente da Fundación de Deportes, en Vilagarcía de Arousa, a catro de marzo de dous mil vinte e cinco, ante mín a Secretaria Xeral, que Certifica.

Concello de
Vilagarcía de Arousa
Fundación de Deportes

Praza Ravella, 1
36600 · Vilagarcía de Arousa
T 986 56 68 98
CIF: P/8660001-B
fdeportes@vilagarcia.es ·www.vilagarcia.es

RESOLUCIÓN DO SR. PRESIDENTE DA FUNDACIÓN PÚBLICA DE SERVIZOS DEPORTIVOS MUNICIPAIS DO EXCMO. CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA D. CARLOS COIRA LOJO

Visto o informe-proposta do Sr. presidente conforme ao informe-proposta do Sr. Encargado do Servizo de Mantemento das Instalacións Deportivas, relativa á necesidade da continuidade do MANTEMENTO PREVENTIVO FRONTE A LEXIONELOSE DAS INSTALACIÓNS DE AUGA QUENTE SANITARIA DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS DEPENDENTES DA FUNDACIÓN DE DEPORTES para o ano 2025, conforme ao Real Decreto 487/2022, do 21 de xuño, dado que finalizou o pasado mes de setembro do presente ano o contrato en vigor, e as citadas instalación deportivas continúan co seu uso habitual debido as actividades deportivas programada de cara a tempada 2024/25, que desenvolven os Clubes/ Entidades Deportivas, sendo necesario o citado mantemento co fin de evitar posibles riscos e cumprir ca normativa vixente na materia, mentras tanto non se leve a cabo a licitación do devandito Servizo.

Para a execución do citado servizo preséntanse varios presupostos, sendo o máis vantaxoso calidade-prezo o da empresa especializada no sector PLAGAL CONTROL DE PLAGAS, S.L.U (adxudicataria do anterior contrato) por un importe total de 14.883,00 € (IVE incluído) nas instalacións que a continuación de relación:

| **Instalacións Deportivas dependentes da Fundación de Deportes** | **Relación de Puntos terminais ( grifos e duchas)** | **Relacións de Depósitos** |
|---|---|---|
| 1. Complexo Deportivo Fontecarmoa – Pavillón nª 1 | 32 | 2x500 L |
| 2. Complexo Deportivo Fontecarmoa – Pavillón nª 2 | 12 | 2x500 L |
| 3. Complexo Deportivo Fontecarmos- Estadio de Atletismo - Campo de Fútbol Municipal Manuel Jiménez | 18 | 1 x 1000 L |
| 4. Pavillón Municipal de Castelao | 10 | 2 x 200 L |
| 5. Pavillón Municipal de Faxilde | 13 | 1 x 150 L + 2 x 300 L |
| 6, Pavillón Municipal de A Torre | 11 | 1 x 300 L |
| 7. Pavillón Municipal de Carril | 9 | 2 x 300 L |
| 8. Pavillón Municipal de Guillán | 16 | 2 x 200 L + 1 x 100 L |

Praza Ravella, 1
36600 · Vilagarcía de Arousa
T 986 56 68 98
CIF: P/8660001-B
fdeportes@vilagarcia.es ·www.vilagarcia.es

| | | |
|---|---|---|
| 9, Campo de Fútbol Municipal de Bamio | 22 | 3 x 300 L |
| 10. Campo de Fútbol Municipal de Berdón | 18 | 8 x 300 L |
| 11.1 Campo de Fútbol Municipal de A Lomba<br>11.2 Vestiarios Anexos | 18<br>11 | 6 x 300 L<br>2 x 300 L |
| 12.1 Campo de Fútbol Municipal de Vilaxoán<br>12.2 Vestiarios Anexos (novos) | 14<br>25 | 3 x 300 L<br>3 x 200 L |
| 13. Campo de Fútbol Municipal A Pelada | 12 | 3 x 300 L |
| 14. Cllub de Remo de Vilaxoán | 8 | 4 x 200 L |
| 15. Novas Instalacións Usos Náuticos<br>( Nave do porto) | 8 | 2 x 200 L |

Así como, visto o informe da Secretaria Xeral da Fundación de Deportes que di literalmente o seguinte: "Na actualidade estanse redactando polo departamento de contratación, o prego de claúsulas administrativas particulares e técnicas que rexerá o procedemento aberto, suxeito a regulación armonizada e tramitación ordinaria, para adxudicar o contrato de servizos denominado " servizo de limpeza de edificios e instalación dependentes do Concello de Vilagarcía de Arousa".
Os pregos incluen a limpeza, así como a **desinfección** das instalacións deportivas titularidade do Concello de Vilagarcía de Arousa, polo que tanto a limpeza como o servizo do mantemento preventivo fronte a **lexionelose,** será adxudicado simultáneamente a través da licitación citada.
Polo exposto, a previsión é que o ano 2025 sexá o último ano que se tramite pola FPSDM, e como contrato menor de servizos, o mantemento preventivo fronte a lexionelose das instalacións de auga quente sanitaria das instalacións deportivas, por estar o sevizo citado incluído nos pregos que se están redactando e que polo tanto, formará parte da adxudicación que se leve a cabo no presente ano 2025, a través do procedemento aberto e suxeito a regulación armonizada para o contrato do servizo de limpeza, ao que se fixo referencia."

Asemade vista a dilixencia do Sr. Interventor Xeral en relación ao asunto.

De conformidade co disposto nos vixentes Estatutos da Fundación de Deportes.

R E S O L V O:

1.- Adxudicar á empresa PLAGAL CONTROL DE PLAGAS, S.L.U.( adxudicataria do anterior contrato), a través dun contrato Menor de Servizos, a realización do

Praza Ravella, 1
36600 · Vilagarcía de Arousa
T 986 56 68 98
CIF: P/8660001-B
fdeportes@vilagarcia.es ·www.vilagarcia.es

mantemento preventivo fronte a Lexionelose das instalacións de auga quente sanitaria (con duchas) das instalación deportivas dependentes da Fundación de Deportes, para o ano 2025, conforme ao Real Decreto 487/2022, do 21 de xuño, por un importe total de 14.883,00 € (IVE engadido), con cargo á partida 342-227,9902 para a relación da instalacións deportivas anteriormente citadas.

2.- Que a presente Resolución sexa dada conta ao Consello Reitor da Fundación de Deportes, na vindeira sesión que celebre.

Así o dispón e asina o Sr. Presidente da Fundación de Deportes, en Vilagarcía de Arousa a catro de marzo de dous mil vinte e cinco ante mín a Secretaria Xeral, que Certifica.

Praza Ravella, 1
36600 · Vilagarcía de Arousa
T 986 56 68 98
CIF: P/8660001-B
fdeportes@vilagarcia.es ·www.vilagarcia.es

RESOLUCIÓN DO SR. PRESIDENTE DA FUNDACIÓN PÚBLICA DE SERVIZOS DEPORTIVOS MUNICIPAIS DO EXCMO. CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA D. CARLOS COIRA LOJO

Visto o informe-proposta do Sr. presidente conforme ao informe-proposta da Dirección Deportiva, relativo á aprobación dun Contrato Menor de Publicidade e promoción institucional da Fundación de Deportes do Concello de Vilagarcía de Arousa a favor da Entidade Agrupación Deportiva Cortegada, dado que os equipos de competición, Mariscos Antón Cortegada no grupo B da LEF-2 e o Trivium CLB no grupo A2 de 1ª División Nacional, mediante a inserción da imaxe corparativa da Fundación de Deportes do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa na súa vestimenta, contribuen á promoción e divulgación da imaxe da Fundación e do Concello durante a celebración dos encontros.

O orzamento do contrato sería por un importe total de 2.420,00 € (IVE engadido) para o ano 2025, por levar impresa a imaxe corporativa da Fundación de Deportes do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa na súa vestimenta.

De conformidade co disposto nos vixentes Estatutos da Fundación de Deportes.

R E S O L V O:

1.- Aprobar o Contrato Menor de Publicidade e promoción institucional da Fundación de Deportes do Concello de Vilagarcía de Arousa a favor da Entidade Agrupación Deportiva Cortegada, dado que os equipos de competición, Mariscos Antón Cortegada no grupo B da LEF-2 e o Trivium CLB no grupo A2 de 1ª División Nacional, mediante a inserción da imaxe corparativa da Fundación de Deportes do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa na súa vestimenta, contribuen á promoción e divulgación da imaxe da Fundación e do Concello durante a celebración dos encontros, por importe total de 2.420,00 € (IVE engadido) para o ano 2025, con cargo á partida 342-226,02.

2.- Que a presente Resolución sexa dada conta ao Consello Reitor da Fundación de Deportes, na vindeira sesión que celebre.

Praza Ravella, 1
36600 · Vilagarcía de Arousa
T 986 56 68 98
CIF: P/8660001-B
fdeportes@vilagarcia.es ·www.vilagarcia.es

Así o dispón e asina o Sr. presidente da Fundación de Deportes, en Vilagarcía de Arousa, a seis de marzo de dous mil vinte e cinco, ante mín a Secretaria Xeral, que Certifica.

Concello de
Vilagarcía de Arousa
Fundación de Deportes

Praza Ravella, 1
36600 · Vilagarcía de Arousa
T 986 56 68 98
CIF: P/8660001-B
fdeportes@vilagarcia.es ·www.vilagarcia.es

RESOLUCIÓN DO SR. PRESIDENTE DA FUNDACIÓN PÚBLICA DE SERVIZOS DEPORTIVOS MUNICIPAIS DO EXCMO. CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA D. CARLOS COIRA LOJO

Visto o informe-proposta do Sr Presidente conforme a proposta do Comité Organizador e informe do Sr. Director Deportivo, relativa á aprobación de gastos dos 30º XOGOS AUTONÓMICOS DE DEPORTES MINORITARIOS PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE INTELECTUAL, que se levaron a cabo o pasado día 8 de marzo do presente ano, no que a Fundación de Deportes se fixo cargo do seguinte:

- Servicio de Ambulancia medicalizada por importe total de 1.425,00 €.
- Adquisición de medallas, por importe total de 365,50 €.

Así como, para a realización dos servizos e subministros sinalados anteriormente, presentáronse orzamentos das seguintes empresas, por importe total de 1.790,50 €:

| PROVEEDOR | CONCEPTO | IMPORTE |
|---|---|---|
| AMBULANCIAS BANDE S.L. | Servizo ambulancia medicalizada | 1.425,00 € |
| DEPORTES RODAS VILAGARCÍA, S.L. | Adquisición medallas | 365,50 € |
| | Total | 1.790,50 € |

Así como, vista a dilixencia do Sr. Inteventor en relación ao asunto.

De conformidade co disposto nos vixentes Estatutos da Fundación de Deportes.

R E S O L V O:

1.- Aprobar os gastos de coorganización con SPECIAL OLIMPICS GALICIA, para a celebración dos 30º XOGOS AUTONÓMICOS DE DEPORTES MINORITARIOS PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE INTELECTUAL, que se levaron a cabo o pasado día

Praza Ravella, 1
36600 · Vilagarcía de Arousa
T 986 56 68 98
CIF: P/8660001-B
fdeportes@vilagarcia.es ·www.vilagarcia.es

8 de marzo do presente ano, por importe total de 1.790,50 € (ambulancia medicalizada: 1.425,00 € e adquisición das medallas: 365,50 €).

2.- Adxudicar ás empresas que a continuación se relacionan, a realización dos servizos e subministros, para a celebración do devandito evento, por importe total de 1.790,50 €, a través de Contratos Menores de subministros e servizos e co seguinte desglose:

| **PROVEEDOR** | **CONCEPTO** | **IMPORTE** | **PARTIDA** |
|---|---|---|---|
| AMBULANCIAS BANDE S.L. | Servizo ambulancia medicalizada | 1.425,00 € | 342-226,09 |
| DEPORTES RODAS VILAGARCÍA, S.L. | Adquisición medallas | 365,50 € | 342-226,9901 |
| | Total | 1.790,50 € | |

3.- Comunícaselles que dende o día 15 de xaneiro de 2015, entrou en vigor a facturación electrónica (Lei 25/2013 de 27 de decembro), por iste motivo se informa aos proveedores da obriga de incluir nas facturas que emitan a esta Fundación de Deportes os Códigos DIR 3 deste Organismo Autónomo e a traves da plataforma do estado FACE:

| DIR 3: FUNDACIÓN DE DEPORTES | |
|---|---|
| OC: LA0003309 | INTERVENCIÓN DELEGADA |
| OG: LA0003309 | PRESIDENCIA |
| UT: LA0003309 | ADMINISTRACIÓN |

(Recoméndase que estos códigos figuren xunto cos datos identificativos da Fundación de Deportes: Fundación de Deportes Concello de Vilagarcía de Arousa – P8660001B
Praza Ravella nº 1
36600 Vilagarcía de Arousa
Pontevedra)

4.- Que a presente Resolución sexa dada conta ao Consello Reitor da Fundación de Deportes, na vindeira sesión que celebre.

Praza Ravella, 1
36600 · Vilagarcía de Arousa
T 986 56 68 98
CIF: P/8660001-B
fdeportes@vilagarcia.es ·www.vilagarcia.es

Así o dispón e asina o Sr. presidente da Fundación de Deportes, en Vilagarcía de Arousa, a dez de marzo de dous mil vinte e cinco, ante mín a Secretaria Xeral, que Certifica.

Concello de
Vilagarcía de Arousa
Fundación de Deportes

Praza Ravella, 1
36600 · Vilagarcía de Arousa
T 986 56 68 98
CIF: P/8660001-B
fdeportes@vilagarcia.es ·www.vilagarcia.es

RESOLUCIÓN DO SR. PRESIDENTE DA FUNDACIÓN PÚBLICA DE SERVIZOS DEPORTIVOS MUNICIPAIS DO EXCMO. CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA D. CARLOS COIRA LOJO

Vista a proposta do Sr. Director Deportivo relativa á aprobación da coorganización co Club Deportivo Pérez Sub, para a celebración do CAMPIONATO GALEGO DE APNEA INDOOR, que se vai levar a cabo o vindeiro día 6 de abril do presente ano.

R E S O L V O:

1.- Aprobar a coorganización co Club Deportivo Pérez Sub, para a celebración do CAMPIONATO GALEGO DE APNEA INDOOR que se vai levar a cabo o vindeiro día 6 de abril do presente ano.

2.- Aprobar a creación dun Comité Organizador, onte estará representado a devandita entidade deportiva e a Fundación de Deportes, con un representante de cada entidade e, o que propoñerá a aprobación dun orzamento de gastos e a designación de tarefas, que asumirá cada unha das partes.

3.- Nomear como representantes do citado Comité, por parte da Fundación de Deportes a D. Juan Miguel Doval Blanco, Director Deportivo da Fundación de Deportes, e pola outra parte a D. Jose Luis Peso Teodosio, presidente do Club Deportivo Pérez Sub, en representación da súa entidade.

4.- Que a presente Resolución sexa dada conta ao Consello Reitor da Fundación de Deportes, na vindeira sesión que celebre.

Así o dispón e asina o Sr. presidente da Fundación de Deportes, en Vilagarcía de Arousa, a trece de marzo de dous mil vinte e cinco, ante mín a Secretaria Xeral, que Certifica.

Praza Ravella, 1
36600 · Vilagarcía de Arousa
T 986 56 68 98
CIF: P/8660001-B
fdeportes@vilagarcia.es ·www.vilagarcia.es

RESOLUCIÓN DO SR. PRESIDENTE DA FUNDACIÓN PÚBLICA DE SERVIZOS DEPORTIVOS MUNICIPAIS DO EXCMO. CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA D. CARLOS COIRA LOJO

Visto o escrito do Club Balonmano Arousa no que solicita, autorización do uso do Pavillón Municipal de Carril, para a celebración do IV CAMPUS DE BALONMÁN, dirixido aos nenos/as de toda a Comarca nados entre 2011-2018 (ambos inclusive), ofertando un total de 30 prazas, cunha cota de inscrición de 110,00 €/neno/a por unha semana ou 150,00 € as dúas semanas, que se vai levar a cabo de luns a venres do 23 de xuño ao 4 xullo do presente ano, de 09:00-14:00 horas. Así como visto o informe do Sr. director Deportivo en relación ao asunto.

De conformidade co disposto nos vixentes Estatutos da Fundación de Deportes.

R E S O L V O:

1.- Autorizar ao Club Balonmano Arousa, o uso en precario do Pavillón Municipal de Carril, para a celebración do IV CAMPUS DE BALONMÁN, dirixido aos nenos/as de toda a Comarca nados entre 2011-2018 (ambos inclusive), que se vai levar a cabo de luns a venres do 23 de xuño ao 4 xullo do presente ano, de 09:00-14:00 horas.

2.- Comunícaselle que deberá deixar a citada instalación deportiva nas mesmas condicións en que se lle presta e responsabilizarse dos danos ou desperfectos que poideran causarse nas devanditas instalacións polos participantes na citada actividade.

3.- Comunicarlle que conforme a Resolución do Sr Presidente con data 21/10/2022, no que se lle aprobou o seu Convenio Económico para a utilización das instalacións deportivas, para a realización de actividades non federadas, conforme aos acordos dos Consellos Reitores en sesións con data 25/05/2016 e 04/04/2019 (donde se aprobou o borrador do citado Convenio Económico), nos seguintes termos:

a) Establécese o 100% de bonificación dos prezos públicos para aqueles Clubes/Entidades Deportivas rexistrados na Fundación de Deportes, que teñan actividade deportiva federada de base.

Concello de
Vilagarcía de Arousa
Fundación de Deportes

Praza Ravella, 1
36600 · Vilagarcía de Arousa
T 986 56 68 98
CIF: P/8660001-B
fdeportes@vilagarcia.es ·www.vilagarcia.es

b) Establecer a creación de becas, dun 10% das inscricións ofertadas, correspondéndolle a esta actividade un total de 3 becas (de 30 prazas ofertadas), para a inscrición de tres alumnos/as, que xestionará directamente a Fundación de Deportes e, que será dirixido a nenos/as empadroados no noso Municipio e con baixos recursos económicos, que recibirá o mesmo trato e obsequios que os demáis alumnos/as.

4.- Comunicarlle que deberá cumprir, co establecido no Regulamento Interno das instalacións deportivas Municipais, en materia de publicidade e Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súa emisións sonoras aos límites establecidos na mesma.

5.- Comunicarlle que previo ao inicio do montaxe/celebración da citada actividade-evento (data límite antelación de 72 horas), deberá presentar a seguinte documentación:

5.1) A póliza de Seguros de Responsabilidade Civil e a póliza de seguros de accidentes para todos os participantes da devandita actividade.

5.2) O plano de situación e ocupación do desenvolvemento do evento, documentación que acredite a circunstancia de traballador ou voluntariado (declaración xurada da persoa, debéndose poñerlles en coñecemento das normas de seguridade e saúde no traballo que fosen de aplicación, así como da obriga de portar identificación) e, o compromiso por escrito de xeito pormenorizado de manter o cumprimento de todas as súas obrigas (declaración xurada do Club/Entidade Deportiva).

5.3) No caso do montaxe de calqueira estructura, deberá contar coa certificación emitida por Técnico competente, que garante a súa solidez, estabilidade, seguridade para o público e idoneidade de acordo coa lexislación de aplicación. Debendo realizar a citada certifiacción en presencia do responsable da devandita instalación. Así como, no seu caso, de que o montaxe das estructuras existan instalacións eléctricas, de gas, neumáticas, etc…, os certificados de montaxe deberán indicar de xeito explícito que cumpren coa lexislación específica relativa a cada unha delas.

5.4) No caso de consumo de alimentos e bebidas, si os mesmos están en envases debidamente precintados porán ser distribuidos por persoal que conte coa cualificación pertinente. No resto dos casos deberase certificar o cumprimento da lexislación relativa a seguridade alimentaria. Si a elaboración realizase no recinto

Praza Ravella, 1
36600 · Vilagarcía de Arousa
T 986 56 68 98
CIF: P/8660001-B
fdeportes@vilagarcia.es ·www.vilagarcia.es

acompañarase tamén certificación do cumprimento da seguridade alimentaria das instalacións implicadas no proceso de elaboración.

6.- Comunícaselle que deberá cumprir coa normativa vixente en materia de Seguridade e Protección das persoas que asistan á actividade, indicándolle que:

a) A/s porta/s de emerxencia e as vías de evacuación manteranse desbloqueadas e libres de obstáculos en todo momento durante o desenvolvemento da actividade, non estando permitido facer outro uso das mesmas (instalación de mobiliario, pasos de mangueiras, tubos, cables, etc…).

b) Non se permite a instalación de ningún elemento que oculte ou dificulte a visualización da sinalización de evacuación, nin das luminarias de emerxencias existentes.

c) Non se permite dentro da instalación o uso de ningún elemento inflamable ou explosivo.

Lémbraselles a prohibición da venda de tabaco e bebidas alcohólicas e, a entrada de vasos ou obxectos de vidrio nas instalacións deportivas, conforme ao Regulamento Interno da Fundación de Deportes, aprobado polo Consello Reitor con data 14/09/2017 e a súa normativa vixente.

7.- Que a presente Resolución sexa dada conta ao Consello Reitor da Fundación de Deportes, na vindeira sesión que celebre.

Así o dispón e asina o Sr. presidente da Fundación de Deportes, en Vilagarcía de Arousa, a trece de marzo de dous mil vinte e cinco, ante mín a Secretaria Xeral, que Certifica.

Concello de
Vilagarcía de Arousa
Fundación de Deportes

Praza Ravella, 1
36600 · Vilagarcía de Arousa
T 986 56 68 98
CIF: P/8660001-B
fdeportes@vilagarcia.es ·www.vilagarcia.es

RESOLUCIÓN DO SR. PRESIDENTE DA FUNDACIÓN PÚBLICA DE SERVIZOS DEPORTIVOS MUNICIPAIS DO EXCMO. CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA D. CARLOS COIRA LOJO

Visto o escrito da Asocición Ares Arousa, no que solicita, a cesión do material que a continuación se relaciona, para a celebración do CONCURSO DE DOMA CLASICA CDT1*, nas súas instalacións de Vilagarcía de Arousa, o vindeiro día 13 de abril do presente ano:

- 2 carpas.
- Un camión con auga para o rego da pista.
- Equipo de Son.
- Concesión trofeos para os/as 3 primeiros/as clasificados/as nas 17 categorías establecidas.

Así como visto o infome da Sr. director Deportivo en relación ao asunto.

De conformidade co disposto nos vixentes Estatutos da Fundación de Deportes.

R E S O L V O:

1.-Trasladar a solicitude da Asociación Ares Arousa aos departamentos do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa que a continuación se relacionan as necesidades de colaboración, para a súa aprobación, se procede, para a celebración do CONCURSO DE DOMA CLASICA CDT1*, o vindeiro día 5 de maio do presente ano:

. Departamento de Obras, a cesión de 2 carpas.

. Departamento do Auditorio, a cesión dun Equipo de Son.

. Servizo de emerxencias, o servizo dun camión con auga para o rego da pista.

2.- Conceder 51 trofeos para os/as 3 primeiros/as clasificados/as nas 17 categorías establecidas, solicitando presuposto á empresa DEPORTES RODAS VILAGARCIA, S.L. por importe total de 395,25 € (I.VE. engadido)

Praza Ravella, 1
36600 · Vilagarcía de Arousa
T 986 56 68 98
CIF: P/8660001-B
fdeportes@vilagarcia.es ·www.vilagarcia.es

3.- Que a presente Resolución sexa dada conta ao Consello Reitor da Fundación de Deportes, na vindeira sesión que celebre.

Así o dispón e asina o Sr. presidente da Fundación de Deportes, en Vilagarcía de Arousa, a catorce de marzo de dous mil vinte e cinco, ante mín a Secretaria Xeral, que Certifica.

Concello de
Vilagarcía de Arousa
Fundación de Deportes

Praza Ravella, 1
36600 · Vilagarcía de Arousa
T 986 56 68 98
CIF: P/8660001-B
fdeportes@vilagarcia.es ·www.vilagarcia.es

RESOLUCIÓN DO SR. PRESIDENTE DA FUNDACIÓN PÚBLICA DE SERVIZOS DEPORTIVOS MUNICIPAIS DO EXCMO. CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA D. CARLOS COIRA LOJO

Visto o escrito de D. Jorge Lastra Alonso, representante dun grupo de afeccionados, no que solicita autorización para o uso do Pavillón Municipal da Guillán, os xoves, de 18:30-20:00 horas, tempada 2024/25. Así como visto o informe do Sr. director Deportivo en relación ao asunto.

De conformidade co disposto nos vixentes Estatutos da Fundación de Deportes.

R E S O L V O:

1.- Autorizar en precario D. Jorge Lastra Alonso, representante dun grupo de afeccionados, o uso do Pavillón Municipal de Guillán, os xoves, de 18:30-20:00 horas, tempada 2024/25, a partir do xoves seguinte á recepción da notificación do presente acordo e, ata o derradeiro xoves do mes de maio do 2025. Quedando en todo caso, supeditada ás necesidades que poidese ter a Fundación de Deportes.

2.- Comunicarlle que deberá ingresar previo uso da citada instalación, mensualmente, a cota do prezo público correspondente conforme ao establecido no Acordo Regulador nº17 en vigor (6,00 €/hora), que poderá abona-lo por meses anticipados, descontando do citado prezo público, no seu caso, todas aquelas persoas que posúan o Carné Fundación e, unha Fianza Depósito por importe de 100,00 €, para garantir o bó uso das mesmas, que será devolta, unha vez finalizada a súa autorización, previa presentación de solicitude de devolución, na conta da Fundación de Deportes da Entidade Bancaria ABANCA (E70 2080 5067 193040060053). No caso de que desista da súa autorización de uso, deberá comunica-lo por escrito na oficina da Fundación de Deportes, aos efectos de suspensión de cobro do citado prezo público.

3.- Comunicarlle que deberá presentar unha relación nominal das persoas do seu grupo de afeccionados, cos seguintes datos: Nome e Apelidos e, número do Documento Nacional de Identade (D.N.I.), así como indicar aquelas persoas que posúan

Praza Ravella, 1
36600 · Vilagarcía de Arousa
T 986 56 68 98
CIF: P/8660001-B
fdeportes@vilagarcia.es ·www.vilagarcia.es

Carné da Fundación de Deportes, que será comprobado polo Sr. Conserxe antes do comezo da súa actividade.

4.- Comunicarlle que cando transcurra un mes sen que o grupo autorizado asista no seu horario, sen previo aviso, e non habendo efectuado o pago correspondente a ese mes, se lle incautará a Fianza-Depósito, anulándoselles automaticamente a súa autorización.

5.- Que a presente Resolución sexa dada conta ao Consello Reitor da Fundación de Deportes, na vindeira sesión que celebre.

Así o dispón e asina o Sr. presidente da Fundación de Deportes, en Vilagarcía de Arousa, a catorce de marzo de dous mil vinte e cinco, ante mín a Secretaria Xeral, que Certifica.

Concello de
Vilagarcía de Arousa
Fundación de Deportes

Praza Ravella, 1
36600 · Vilagarcía de Arousa
T 986 56 68 98
CIF: P/8660001-B
fdeportes@vilagarcia.es ·www.vilagarcia.es

RESOLUCIÓN DO SR. PRESIDENTE DA FUNDACIÓN PÚBLICA DE SERVIZOS DEPORTIVOS MUNICIPAIS DO EXCMO. CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA D. CARLOS COIRA LOJO

Visto o escrito da Asocición Ares Arousa, no que solicita, autorización para levar a cabo unhas rutas a cabalo por diversas rúas do Concello de Vilagarcía de Arousa, así como pola praia da Compostela, os vinderios domingos 20 e 27 de abril e 11e 18 de maio do presente ano, compromenténdose a comunicar e confirmar a ruta á Concellería de Seguridade Cidadá, Departamento da Policía Local do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa o venres anterior a realización da mesma e a deixar todo limpo e recollido. Así como, solicita acompañamento durante a realización da ruta por parte da Policía Local, para garantir a seguridade dos participantes.

Asemade visto o infome da Sr. director Deportivo en relación ao asunto.

De conformidade co disposto nos vixentes Estatutos da Fundación de Deportes.

R E S O L V O:

1.-Remitir a solicitude da Asociación Ares Arousa, EXP:DEPORT/2025/000188, de autorización para levar a cabo unhas rutas a cabalo por diversas rúas do Concello de Vilagarcía de Arousa, así como pola praia da Compostela, os vinderios domingos 20 e 27 de abril e 11e 18 de maio do presente ano á Xunta de Goberno Local, así como darlle traslado da súa petición á Concellería de Seguridade Cidadá, Departamento da Policía Local do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa, para a emisión do correspondente informe previa a súa aprobación, se procede.

2.- Que a presente Resolución sexa dada conta ao Consello Reitor da Fundación de Deportes, na vindeira sesión que celebre.

Así o dispón e asina o Sr. presidente da Fundación de Deportes, en Vilagarcía de Arousa, a dezasete de marzo de dous mil vinte e cinco, ante mín a Secretaria Xeral, que Certifica.

Concello de
Vilagarcía de Arousa
Fundación de Deportes

Praza Ravella, 1
36600 · Vilagarcía de Arousa
T 986 56 68 98
CIF: P/8660001-B
fdeportes@vilagarcia.es ·www.vilagarcia.es

RESOLUCIÓN DO SR. PRESIDENTE DA FUNDACIÓN PÚBLICA DE SERVIZOS DEPORTIVOS MUNICIPAIS DO EXCMO. CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA D. CARLOS COIRA LOJO

Visto o escrito do Club Deportivo Salvamento Vilagarcía, no que solicita para a celebración da 3ª Xornada de Liga de Praia de Salvamento e Socorrismo, que se vai levar a cabo os vindeiros días 31 de maio e 1 e xuño do presente ano na Praia da Concha do Excmo Concello de Vilagarcía de Arousa, o seguinte:

- Autorización do Concello para a súa celebración.
- Realizar as tarefas de limpeza da explanada, paseo , zona da pinar e baños públicos antes do inicio da proba, así como acondicionar a zona de competición(zona de area próxima a auga), para que esten en condicións óptimas para o desenvovemento do evento.
- Valado e balizado da praia, delimitando a área de competición para garantir a seguridade dos participantes.
- Cesión de tres carpas.
- Cesión dun equipo de son.
- Colocación de puntos de conexión eléctrica na zona de competición.
- A colaboración do Servizo de Protección Civil coa ambulancia, cunha embarcación de apio e un posto de 1º auxilios durante o desenvolvemento do evento.
- A cesión e colocación do arco hinchable da Fudación de Deportes, así como de publicidade institucional do Concello e da Fundación de Deportes.

Así como visto o informe do Sr. director Deportivo en relación ao asunto.

De conformidade co disposto nos vixentes Estatutos da Fundación de Deportes.

R E S O L V O:

1.- Remitir a solicitude do Club Deportivo Salvamento Vilagarcía de autorización da proba 3ª Xornada de Liga de Praia de Salvamento e Socorrismo á Xunta de Goberno Local, que se vai levar a cabo na Praia da Concha do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa os vindeiros días 31 de maio e 1 e xuño do presente ano. Así como darlle traslado da súa petición á Concellería de Seguridade Cidadá, Departamento da Policía

Praza Ravella, 1
36600 · Vilagarcía de Arousa
T 986 56 68 98
CIF: P/8660001-B
fdeportes@vilagarcia.es ·www.vilagarcia.es

Local do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa, para a emisión do correspondente informe previa a súa aprobación, se procede.

2.- Comunicarlle ao citado Club que deberá indicar o horario de competición así como a zona de competción a delimitar na maior brevidade posible.

3.- Aprobar a cesión do arco hinchable e a publicidade institucional para a celebración do devandito evento e, que polo Servizo de Mantemento se leve a cabo o control e colaboración da súa colocación, dentro das dispoñibilidades existentes do Servizo de Mantemento, na súa xornada laboral, sen que isto xenere horas extraordinarias ao Servizo.

4.- Trasladar aos departamentos do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa que a continuación se relacionan as necesidades de colaboración, para a súa aprobación, se procede:

. Departamento de Obras, a cesión de 6 carpas cos seus laterais, así como a cesión de valadas para delimitar a zona de competición.

. Servizo Municipal de Xestión de Emerxencias e Protección Civil, a súa petición de colaboración con una embarcación de apoio e unha ambulancia durante o desenvolvemento da devandita proba.

. Departamento do Auditorio, a cesión dun equipo de Son.

. Departamento de Alumeado, punto de conexión eléctrica na zona de competición.

. Departamento de Medio Ambiente, a petición de acondicionamento da área de de competición (zona da area próxima a praia), así como a limpeza da explanada, paseo, zona da pinar e baños públicos antes do inicio da proba

5.- Comunicarlle que previo ao inicio do montaxe/celebración da citada actividade-evento (data límite antelación de 72 horas), deberá presentar a seguinte documentación:

5.1.- A autorización das administracións correspondentes para o desenvolvemento da proba.

5.2.- A póliza de Seguros de Responsabilidade Civil

Praza Ravella, 1
36600 · Vilagarcía de Arousa
T 986 56 68 98
CIF: P/8660001-B
fdeportes@vilagarcia.es ·www.vilagarcia.es

5.3.- A póliza de seguros de accidentes para todos os participantes da devandita actividade, ou no caso de ser unha competición oficial, o certificado da federación correspondente conforme autoriza o desenvolvemento da citada proba.

5.4.- Documentación que acredite a circunstancia de traballador ou voluntariado (declaración xurada da persoa) e, o compromiso por escrito de xeito pormenorizado de manter o cumprimento de todas as súas obrigas (declaración xurada do Club/Entidade Deportiva).

5.5.- No caso de consumo de alimentos e bebidas, si os mesmos están en envases debidamente precintados porán ser distribuidos por persoal que conte coa cualificación pertinente. No resto dos casos deberase certificar o cumprimento da lexislación relativa a seguridade alimentaria. Si a elaboración realizase no recinto acompañarase tamén certificación do cumprimento da seguridade alimentaria das instalacións implicadas no proceso de elaboración.

6.- Que a presente Resolución sexa dada conta ao Consello Reitor da Fundación de Deportes, na vindeira sesión que celebre.

Así o dispón e asina o Sr. presidente da Fundación de Deportes, en Vilagarcía de Arousa, a dezaoito de marzo de dous mil vinte e cinco, ante mín a Secretaria Xeral, que Certifica.

Concello de
Vilagarcía de Arousa
Fundación de Deportes

Praza Ravella, 1
36600 · Vilagarcía de Arousa
T 986 56 68 98
CIF: P/8660001-B
fdeportes@vilagarcia.es ·www.vilagarcia.es

RESOLUCIÓN DO SR. PRESIDENTE DA FUNDACIÓN PÚBLICA DE SERVIZOS DEPORTIVOS MUNICIPAIS DO EXCMO. CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA D. CARLOS COIRA LOJO

Visto o informe-proposta do Sr. presidente conforme ao informe-proposta do Sr. Encargado do Servizo de Mantemento das Instalacións Deportivas, relativo á necesidade urxente de execución dun recabado e picado extraordinario do terreo de xogo do Campo de Fútbol Municipal de A Lomba, dado ao mal estado no que se atopa o devandito terreo de xogo que impedía que se levaran a cabo partidos de liga oficiais, tendo que ser transladados a outros Campos de Fútbol Municipais, polo que, e dada a urxencia, se presenta un só presuposto de D. JOSE RAÑA CARNOTA con DNI 44822349H, por importe de 4.557,02 € (I.V.E. engadido).

Así como vista dilixencia do Sr. Interventor Xeral en relación ao Asunto.

De conformidade co disposto nos vixentes Estatutos da Fundación de Deportes.

R E S O L V O:

1.- Adxudicar a D. JOSE RAÑA CARNOTA con DNI 44822349H, a execución con carácter urxente dun recabado e picado extraordinario do terreo de xogo do Campo de Fútbol Municipal de A Lomba, dado ao mal estado no que se atopa o devandito terreo de xogo que impedía que se levaran a cabo partidos de liga oficiais, tendo que ser transladados a outros Campos de Fútbol Municipais, a través dun contrato Menor de Servizos, por importe de 4.557,02 €. (I.V.E. engadido), con cargo á partida 342-227.9902.

2.- Comunícaselles que dende o día 15 de xaneiro de 2015, entrou en vigor a facturación electrónica (Lei 25/2013 de 27 de decembro), por iste motivo se informa aos proveedores da obriga de incluir nas facturas que emitan a esta Fundación de Deportes os Códigos DIR 3 deste Organismo Autónomo e a traves da plataforma do estado FACE:

Praza Ravella, 1
36600 · Vilagarcía de Arousa
T 986 56 68 98
CIF: P/8660001-B
fdeportes@vilagarcia.es ·www.vilagarcia.es

| DIR 3: FUNDACIÓN DE DEPORTES | |
|---|---|
| OC: LA0003309 | INTERVENCIÓN DELEGADA |
| OG: LA0003309 | PRESIDENCIA |
| UT: LA0003309 | ADMINISTRACIÓN |

(Recoméndase que estos códigos figuren xunto cos datos identificativos da Fundación de Deportes: Fundación de Deportes Concello de Vilagarcía de Arousa – P8660001B
Praza Ravella nº 1
36600 Vilagarcía de Arousa
Pontevedra)

3.- Que a presente Resolución sexa dada conta ao Consello Reitor da Fundación de Deportes, na vindeira sesión que celebre.

Así o dispón e asina o Sr. presidente da Fundación de Deportes, en Vilagarcía de Arousa, a dezaoito de marzo de dous mil vinte e cinco, ante mín a Secretaria Xeral, que Certifica.

Concello de
Vilagarcía de Arousa
Fundación de Deportes

Praza Ravella, 1
36600 · Vilagarcía de Arousa
T 986 56 68 98
CIF: P/8660001-B
fdeportes@vilagarcia.es ·www.vilagarcia.es

RESOLUCIÓN DO SR. PRESIDENTE DA FUNDACIÓN PÚBLICA DE SERVIZOS DEPORTIVOS MUNICIPAIS DO EXCMO. CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA D. CARLOS COIRA LOJO

Visto o escrito de D. José Gandara Catarí, representante dun grupo de afeccionados, no que solicita autorización para o uso do Pavillón Municipal da Guillán, os martes e xoves, de 16:30-18:00 horas, tempada 2024/25. Así como visto o informe do Sr. director Deportivo en relación ao asunto.

De conformidade co disposto nos vixentes Estatutos da Fundación de Deportes.

R E S O L V O:

1.- Autorizar en precario D. José Gandara Catarí, representante dun grupo de afeccionados, o uso do Pavillón Municipal de Guillán, os martes e xoves, de 16:30-18:00 horas, tempada 2024/25, a partir do martes ou xoves seguinte á recepción da notificación do presente acordo e, ata o derradeiro xoves do mes de maio do 2025. Quedando en todo caso, supeditada ás necesidades que poidese ter a Fundación de Deportes.

2.- Comunicarlle que deberá ingresar previo uso da citada instalación, mensualmente, a cota do prezo público correspondente conforme ao establecido no Acordo Regulador nº17 en vigor (6,00 €/hora), que poderá abona-lo por meses anticipados, descontando do citado prezo público, no seu caso, todas aquelas persoas que posúan o Carné Fundación e, unha Fianza Depósito por importe de 100,00 €, para garantir o bó uso das mesmas, que será devolta, unha vez finalizada a súa autorización, previa presentación de solicitude de devolución, na conta da Fundación de Deportes da Entidade Bancaria ABANCA (E70 2080 5067 193040060053). No caso de que desista da súa autorización de uso, deberá comunica-lo por escrito na oficina da Fundación de Deportes, aos efectos de suspensión de cobro do citado prezo público.

3.- Comunicarlle que deberá presentar unha relación nominal das persoas do seu grupo de afeccionados, cos seguintes datos: Nome e Apelidos e, número do Documento Nacional de Identade (D.N.I.), así como indicar aquelas persoas que posúan

Praza Ravella, 1
36600 · Vilagarcía de Arousa
T 986 56 68 98
CIF: P/8660001-B
fdeportes@vilagarcia.es ·www.vilagarcia.es

Carné da Fundación de Deportes, que será comprobado polo Sr. Conserxe antes do comezo da súa actividade.

4.- Comunicarlle que cando transcurra un mes sen que o grupo autorizado asista no seu horario, sen previo aviso, e non habendo efectuado o pago correspondente a ese mes, se lle incautará a Fianza-Depósito, anulándoselles automaticamente a súa autorización.

5.- Que a presente Resolución sexa dada conta ao Consello Reitor da Fundación de Deportes, na vindeira sesión que celebre.

Así o dispón e asina o Sr. presidente da Fundación de Deportes, en Vilagarcía de Arousa, a dezaoito de marzo de dous mil vinte e cinco, ante mín a Secretaria Xeral, que Certifica.

Concello de
Vilagarcía de Arousa
Fundación de Deportes

Praza Ravella, 1
36600 · Vilagarcía de Arousa
T 986 56 68 98
CIF: P/8660001-B
fdeportes@vilagarcia.es ·www.vilagarcia.es

RESOLUCIÓN DO SR. PRESIDENTE DA FUNDACIÓN PÚBLICA DE SERVIZOS DEPORTIVOS MUNICIPAIS DO EXCMO. CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA D. CARLOS COIRA LOJO

Visto o escrito presentado pola Escola Fútbol Sala Salnes no que solicitan, autorización do uso do Pavillón Nº1 do Complexo Deportivo Municipal Fontecarmoa, para a celebración da 3ª Concentración Campionato Galego Benxamín feminino de Fútbol Sala, o vindeiro día 1 de maio do presente ano de 09:00 a 15:00 horas. Así como, a cesión do material que a continuación se relaciona:

- Cesión de 4 porterías e videomarcadores, así como a marcaxe das áreas de medio campo.
- Autorización de uso dos 8 vestiarios dos que esta dotada a instalación.
- Autorización de uso do local destinado a bar da citada instalación.
- Cesión de un Equipo de Son.
- Concesión de 8 trofeos para entrega de premios.

Asemade visto o informe do Sr. director Deportivo en relación ao asunto.

De conformidade co disposto nos vixentes Estatutos da Fundación de Deportes.

R E S O L V O:

1.- Autorizar á Escola Fútbol Sala Salnés, o uso do Pavillón Nº1 do Complexo Deportivo Municipal Fontecarmoa, para a celebración da 3ª Concentración Campionato Galego Benxamín feminino de Fútbol Sala, o vindeiro día 1 de maio do presente ano de 09:00 a 15:00 horas. O que xenerará a realización de horas extraordinarias dun operario-conserxe do Servizo de Mantemento, que supón un custo total de 17,11 €/h., con cargo á partida 342-151/13001.

2.- Comunicarlle que deberá deixar nas mesmas condicións en que se lle presta as citadas instalacións e, responsabilizándose dos danos ou desperfectos que poideran causar os participantes na citada actividade.

3.- Indicarlle que, no relativo a autorización de uso dos 8 vestiarios, poderánse autorizar o uso dos vestiarios dos que dispón a instalación, así como da megafonía e videomarcadores dos que esta dotada a mesma.

Concello de
Vilagarcía de Arousa
Fundación de Deportes

Praza Ravella, 1
36600 · Vilagarcía de Arousa
T 986 56 68 98
CIF: P/8660001-B
fdeportes@vilagarcia.es ·www.vilagarcia.es

4.- Aprobar a cesión de 2 porterías dado que a instalación xa conta con dúas, así como a marcaxe das áreas transversais no medio do campo e, que polo Servizo de Mantemento se leve a cabo a súa colocación, dentro das dispoñibilidades existentes do Servizo de Mantemento, na súa xornada laboral, sen que isto xenere horas extraordinarias ao Servizo.

5.- Comunicarlle que deberá cumprir, co establecido no Regulamento Interno das instalacións deportivas Municipais, aprobado polo Consello Reitor con data 06/06/2013, así como a Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súa emisións sonoras aos límites establecidos na mesma.

6.- Conceder 8 trofeos para a entrega de premios aos clubes participantes no evento, solicitando presuposto a empresa DEPORTES RODAS VILAGARCIA, S.L. por importe de 133,20 € (IVE engadido).

7 .- Comunicarlle que previo ao inicio do montaxe/celebración da citada actividade-evento (data límite antelación de 72 horas), deberá presentar a seguinte documentación:

7.1)A póliza de Seguros de Responsabilidade Civil.

A póliza de seguros de accidentes para todos os participantes da devandita actividade, ou no caso de ser unha competición oficial, o certificado da federación correspondente conforme autoriza o desenvolvemento da citada proba.

7.2) Aportarase un compromiso escrito, de xeito pormenorizado, de manter cumprimento de todas as obrigas precisas para o desenvolvemento durante todo o período que abranguen os mesmos, e dicir dende a entrada ao recinto ata a saída definitiva.

7.3) O plano de situación e ocupación do desenvolvemento do evento, documentación que acredite a circunstancia de traballador ou voluntariado (declaración xurada da persoa, debéndose poñerlles en coñecemento das normas de seguridade e saúde no traballo que fosen de aplicación, así como da obriga de portar identificación) e, o compromiso por escrito de xeito pormenorizado de manter o cumprimento de todas as súas obrigas (declaración xurada do Club/Entidade Deportiva).

Praza Ravella, 1
36600 · Vilagarcía de Arousa
T 986 56 68 98
CIF: P/8660001-B
fdeportes@vilagarcia.es ·www.vilagarcia.es

7.4) No caso do montaxe de calqueira estructura, deberá contar coa certificación emitida por Técnico competente, que garante a súa solidez, estabilidade, seguridade para o público e idoneidade de acordo coa lexislación de aplicación. Debendo realizar a citada certifiacción en presencia do responsable da devandita instalación. Así como, no seu caso, de que o montaxe das estructuras existan instalacións eléctricas, de gas, neumáticas, etc…, os certificados de montaxe deberán indicar de xeito explícito que cumpren coa lexislación específica relativa a cada unha delas.

7.5) No caso de consumo de alimentos e bebidas, si os mesmos están en envases debidamente precintados porán ser distribuidos por persoal que conte coa cualificación pertinente. No resto dos casos deberase certificar o cumprimento da lexislación relativa a seguridade alimentaria. Si a elaboración realizase no recinto acompañarase tamén certificación do cumprimento da seguridade alimentaria das instalacións implicadas no proceso de elaboración.

8.- Comunícaselle que deberá cumprir coa normativa vixente en materia de Seguridade e Protección das persoas que asistan á actividade, indicándolle que:

a) A/s porta/s de emerxencia e as vías de evacuación manteranse desbloqueadas e libres de obstáculos en todo momento durante o desenvolvemento da actividade, non estando permitido facer outro uso das mesmas (instalación de mobiliario, pasos de mangueiras, tubos, cables, etc…).

b) Non se permite a instalación de ningún elemento que oculte ou dificulte a visualización da sinalización de evacuación, nin das luminarias de emerxencias existentes.

c) Non se permite dentro da instalación o uso de ningún elemento inflamable ou explosivo.

Lémbraselles a prohibición da venda de tabaco e bebidas alcohólicas e, a entrada de vasos ou obxectos de vidrio nas instalacións deportivas, conforme ao Regulamento Interno da Fundación de Deportes, aprobado polo Consello Reitor con data 06/06/2013 e a súa normativa vixente.

9.- Que a presente Resolución sexa dada conta ao Consello Reitor da Fundación de Deportes, na vindeira sesión que celebre.

Praza Ravella, 1
36600 · Vilagarcía de Arousa
T 986 56 68 98
CIF: P/8660001-B
fdeportes@vilagarcia.es ·www.vilagarcia.es

Así o dispón e asina o Sr. presidente da Fundación de Deportes, en Vilagarcía de Arousa, a dezanove de marzo de dous mil vinte e cinco, ante mín a Secretaria Xeral, que Certifica.

Concello de
Vilagarcía de Arousa
Fundación de Deportes

Praza Ravella, 1
36600 · Vilagarcía de Arousa
T 986 56 68 98
CIF: P/8660001-B
fdeportes@vilagarcia.es ·www.vilagarcia.es

RESOLUCIÓN DO SR. PRESIDENTE DA FUNDACIÓN PÚBLICA DE SERVIZOS DEPORTIVOS MUNICIPAIS DO EXCMO. CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA D. CARLOS COIRA LOJO

Visto o escrito da Fundación Galega contra o Narcotráfico no que solicita, para a celebración do TORNEO INTERCIDADES EU SAÚDE PANOS BRANCOS CONTRA A DROGA (Atletismo, Fútbol, Baloncesto, Voleibol), o vindeiro día 4 abril do presente ano, de 9:30-14:00 horas, o seguinte:

- Autorización do uso das instalacións deportivas do Complexo Deportivo Municipal Fontecarmoa:

| **INSTALACIÓN** | **ACTIVIDADE** |
|---|---|
| Campo de fútbol Manuel Jiménez Abalo | Fútbol |
| Estadio de Atletismo | Fútbol/Atletismo |
| Pavillón nº 1 e 2 | Baloncesto/Voleibol |

- A cesión do equipo de megafonía para a apertura e peche do acto.
- A concesión de 4 trofeos, 5 recordatorios para o IES participantes e 250 diplomas.

Así como visto o informe do Sr. director Deportivo en relación ao asunto.

De conformidade co disposto nos vixentes Estatutos da Fundación de Deportes.

R E S O L V O:

1.- Autorizar á Fundación Galega contra o Narcotráfico o uso das instalacións deportivas do Complexo Deportivo Municipal Fontecarmoa que a continuación se relacionan, para a celebración do TORNEO INTERCIDADES EU SAÚDE PANOS BRANCOS CONTRA A DROGA (Atletismo, Fútbol, Baloncesto e Voleibol), o vindeiro día 4 de abril do presente ano, de 09:30-14:00 horas.

**INSTALACIÓN DEPORTIVA**

- Campo de Fútbol Municipal Manuel Jiménez Abalo
- Estadio de Atletismo
- Pavillón nº 1 e 2 coa súa Megafonía

O uso da instalación xenerará parte da súa franxa horaria ao estar fora de apertura da instalación, a realización duna hora extraordinaria dun operario-conserxe

Praza Ravella, 1
36600 · Vilagarcía de Arousa
T 986 56 68 98
CIF: P/8660001-B
fdeportes@vilagarcia.es ·www.vilagarcia.es

do Servizo de Mantemento, que supón un custo de 11,41 €/h., con cargo á partida 342-151/13001.

Dado o carácter social da actividade, apróbase non cobrar o prezo público correspondente conforme ao sinalado no Acordo Regulador nº17 en vigor.

2.- Comunicarlles que deberán deixar nas mesmas condicións en que se lle prestan e responsabilizarse dos danos ou desperfectos que poideran causarse nas devanditas instalacións polos participantes na citada actividade.

3.- No relativo a cesión dun equipo de son, poderan facer uso da megafonía coa que conta o pavillón Nº 1 do Complexo Deportivo Municipal Fontecarmoa.

4.- Trasladar ao departamento de Comunicación do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa as necesidades de colaboración, coa elaboración de 250 diplomas, para a súa aprobación, se procede.

5.- Conceder 4 trofeos para os campións en cada unha das modalidades deportivas e 5 recordatorios para os IES participantes, para os que se solicitou presuposto á empresa DEPORTES RODAS VILAGARCÍA, S.L., por importe total de 123,25 € (IVE engadido).

6.- Comunicarlle que previo ao inicio da devandita actividade, deberá presentar a póliza de Seguros de Responsabilidade Civil para a citada actividade e a póliza de seguros de accidentes para todos os participantes da devandita actividade.

7.- Comunícaselle que deberá cumprir coa normativa vixente en materia de Seguridade e Protección das persoas que asistan á actividade, indicándolle que:4

a) A/s porta/s de emerxencia e as vías de evacuación manteranse desbloqueadas e libres de obstáculos en todo momento durante o desenvolvemento da actividade, non estando permitido facer outro uso das mesmas (instalación de mobiliario, pasos de mangueiras, tubos, cables, etc…).

b) Non se permite a instalación de ningún elemento que oculte ou dificulte a visualización da sinalización de evacuación, nin das luminarias de emerxencias existentes.

Concello de
Vilagarcía de Arousa
Fundación de Deportes

Praza Ravella, 1
36600 · Vilagarcía de Arousa
T 986 56 68 98
CIF: P/8660001-B
fdeportes@vilagarcia.es ·www.vilagarcia.es

c) Non se permite dentro da instalación o uso de elementos inflamables, explosivos ou similares no interior da instalación.

6.- Que a presente Resolución sexa dada conta ao Consello Reitor da Fundación de Deportes, na vindeira sesión que celebre.

Así o dispón e asina o Sr. presidente da Fundación de Deportes, en Vilagarcía de Arousa, a vinte de marzo de dous mil vinte e cinco, ante mín a Secretaria Xeral, que Certifica.

Concello de
Vilagarcía de Arousa
Fundación de Deportes

Praza Ravella, 1
36600 · Vilagarcía de Arousa
T 986 56 68 98
CIF: P/8660001-B
fdeportes@vilagarcia.es ·www.vilagarcia.es

RESOLUCIÓN DO SR. PRESIDENTE DA FUNDACIÓN PÚBLICA DE SERVIZOS DEPORTIVOS MUNICIPAIS DO EXCMO. CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA D. CARLOS COIRA LOJO

Visto o escrito do Club Aromon Pontevedra Montañeros a Roelo, no que solicita, autorización para o desenvolvemento das probas que trascorren polo noso Concello do Campionato de España de Raid de Orientación e Aventura, incluído no calendario Oficial da Federación Española de Orientación e Aventura e no calendario da Federación Galega de Orientación e, que se vai levar a cabo por diversos municipios da comarca os vindeiros días 10 e 11 de maio do presente ano, así como a colaboración co Servizo de Protección Civil con dúas embarcacións e vehículo para atención dos primeiros auxilos durante o desenvolvemento das probas.

Asemade visto o infome da Sr. director Deportivo en relación ao asunto.

De conformidade co disposto nos vixentes Estatutos da Fundación de Deportes.

R E S O L V O:

1.-Remitir a solicitude do Club Aromon Pontevedra Montañeros a Roelo, EXP:DEPORT/2025/000185, de autorización para o desenvolvemento das probas que trascorren polo noso Concello do Campionato de España de Raid de Orientación e Aventura, incluído no calendario Oficial da Federación Española de Orientación e Aventura e no calendario da Federación Galega de Orientación e, que se vai levar a cabo por diversos municipios da comarca os vindeiros días 10 e 11 de maio do presente ano á Xunta de Goberno Local.

Indicar que se dou traslado á Concellería de Seguridade Cidadá, Departamento da Policía Local do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa, para a emisión do correspondente informe previa a súa aprobación, se procede.

2.- Comunicarlle o club deberá presentar antes do dessenvolvemento da proba a autorización do Servizo de Montes da Consellería de Medio Rural e das

Praza Ravella, 1
36600 · Vilagarcía de Arousa
T 986 56 68 98
CIF: P/8660001-B
fdeportes@vilagarcia.es ·www.vilagarcia.es

correspondentes Comunidades de Montes por donde se desenvolve o evento no noso Concello.

3.- Comunicarlle que se deu traslado ao Servizo de Protección Civil das necesidades de colaboración con dúas embarcacións e cun vehículo para atención dos primeiros auxilos durante o desenvolvemento das probas para a súa aprobación, se procede.

4.- Indicar que o citado club xa presentou o Seguro de Accidentes e Responsabilidade Civil para a celebración do devandito evento.

5.- Que a presente Resolución sexa dada conta ao Consello Reitor da Fundación de Deportes, na vindeira sesión que celebre.

Así o dispón e asina o Sr. presidente da Fundación de Deportes, en Vilagarcía de Arousa, a vinte de marzo de dous mil vinte e cinco, ante mín a Secretaria Xeral, que Certifica.

Concello de
Vilagarcía de Arousa
Fundación de Deportes

Praza Ravella, 1
36600 · Vilagarcía de Arousa
T 986 56 68 98
CIF: P/8660001-B
fdeportes@vilagarcia.es ·www.vilagarcia.es

RESOLUCIÓN DO SR. PRESIDENTE DA FUNDACIÓN PÚBLICA DE SERVIZOS DEPORTIVOS
MUNICIPAIS DO EXCMO. CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA
D. CARLOS COIRA LOJO

Visto o escrito presentado polo Club de Remo Vilaxoán, no que solicita para a celebración do Campionato Territorial Sur de Bateis, no porto de Vilaxoán, o vindeiro día 12 de abril do presente ano, o seguinte:

- Cesión e instalación de 2 palcos toldados.
- Cesión dun equipo de megafonía.
- A colaboración do Servizo de Protección Civil durante o desenvolvemento da proba.

Así como visto o informe do Sr. director Deportivo en relación ao asunto.

De conformidade co disposto nos vixentes Estatutos da Fundación de Deportes.

R E S O L V O:

1.- Comunicarlle ao Club de Remo Vilaxoán, que para a celebración da Campionato Territorial Sur de Bateis, o vindeiro día 12 de abril do presente ano, deberá ter a autorización de Portos de Galicia do uso do Peirao de Vilaxoán, para poder levar a cabo a colocación do equipamento solicitado. Así como deberán concretar o horario do evento.

2.- Comunicarlle que previo á celebración da citada actividade-evento (data límite antelación de 72 horas), deberá presentar a seguinte documentación:

- Póliza de Seguros de Responsabilidade Civil.
- Póliza de seguros de accidentes para todos os participantes da devandita actividade, ou no seu caso o certificado da Federación correspondente no que indique que a competición e oficial.
- Asemade de todos os permisos oportunos das administracións para a celebración da devandita proba.

Concello de
Vilagarcía de Arousa
Fundación de Deportes

Praza Ravella, 1
36600 · Vilagarcía de Arousa
T 986 56 68 98
CIF: P/8660001-B
fdeportes@vilagarcia.es ·www.vilagarcia.es

3.- Trasladar aos departamentos do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa que a continuación se relacionan as necesidades de colaboración, para a súa aprobación, se procede:

. Departamento de Obras, a cesión e instalación de dous palcos toldados.

. Servizo Municipal de Xestión de Emerxencias e Protección Civil, a súa petición de

comunicación da devandita proba.

. Departamento do Auditorio, a cesión dun equipo de Megafonía.

4.- Que a presente Resolución sexa dada conta ao Consello Reitor da Fundación de Deportes, na vindeira sesión que celebre.

Así o dispón e asina o Sr. presidente da Fundación de Deportes, en Vilagarcía de Arousa, a vinte de marzo de dous mil vinte e cinco, ante mín a Secretaria Xeral, que Certifica.

Concello de
Vilagarcía de Arousa
Fundación de Deportes

Praza Ravella, 1
36600 · Vilagarcía de Arousa
T 986 56 68 98
CIF: P/8660001-B
fdeportes@vilagarcia.es ·www.vilagarcia.es

RESOLUCIÓN DO SR. PRESIDENTE DA FUNDACIÓN PÚBLICA DE SERVIZOS DEPORTIVOS MUNICIPAIS DO EXCMO. CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA D. CARLOS COIRA LOJO

Vistos os estados de liquidación de ingresos e gastos a fin de exercicio 2024.
Visto o Informe da Intervención Municipal (ref JFC/331/2025) relativo á liquidación do orzamento da Fundación Pública de Servicios Deportivos Municipais do Concello de Vilagarcía de Arousa para o exercicio económico de 2024.
Conforme a a normativa vixente en materia de réxime local, e en particular os artigos 191.3 e 192 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, e 90.1 do Real decreto 500/90, do 20 de abril, polo que se desenvolve o capítulo primeiro do título sexto da Lei 39/88, do 28 de decembro.
De conformidade co disposto nos vixentes Estatutos da Fundación Pública de Servicios Deportivos Municipais.

RESOLVO:

1.- Aprobar a liquidación do orzamento municipal da Fundación Pública de Servicios Deportivos Municipais do Concello de Vilagarcía de Arousa correspondentes ao exercicio económico de 2024, co seguinte desglose:

**RESULTADO ORZAMENTARIO DA FUNDACION DE DEPORTES:**

| | | | |
|---|---|---|---|
| | **DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS** | | |
| **a** | **Dereitos recoñecidos por operacións non financeiras** | | **1.453.148,12** |
| | 1. Dereitos recoñecidos netos por operacións correntes (Cap. I a V) | 1.453.148,12 | |
| | 2. Dereitos recoñecidos netos por demais operacións de capital(Cap. VI e VII) | 0,00 | |
| **b** | **Dereitos recoñecidos netos por activos financeiros** | | **0,00** |
| **c** | **Dereitos recoñecidos netos por pasivos financeiros** | | **0,00** |
| | **Total dereitos recoñecidos** | | **1.453.148,12** |
| | **OBRIGAS RECOÑECIDAS NETAS** | | |
| **a** | **Obrigas recoñecidas por operacións non financeiras** | | **1.319.068,96** |
| | 1. Obrigas recoñecidas netas por operacións correntes (Cap. I a IV) | 1.312.032,57 | |
| | 2. Obrigas recoñecidas netas por demais operacións de capital (Cap. VI e VII) | 7.036,39 | |
| **b** | **Obrigas recoñecidas netas por activos financeiros** | | **0,00** |
| **c** | **Obrigas recoñecidas netas por pasivos financeiros** | | **0,00** |
| | **Total obrigas recoñecidas** | | **1.319.068,96** |
| | **RESULTADO ORZAMENTARIO ANTES DE AXUSTES** | | 134.079,16 |
| | **(+) Créditos gastados financiados con RLT para gastos xerais** | | 0 |
| | **(+) Desviacións de financiamento negativas do exercicio** | | 0 |

Concello de
Vilagarcía de Arousa
Fundación de Deportes

Praza Ravella, 1
36600 · Vilagarcía de Arousa
T 986 56 68 98
CIF: P/8660001-B
fdeportes@vilagarcia.es ·www.vilagarcia.es

| | |
|---|---|
| **(-) Desviacións de financiamento positivas do exercicio** | 0 |
| **RESULTADO ORZAMENTARIO AXUSTADO** | **134.079,16** |

## REMANENTE DE TESOURERÍA DA FUNDACIÓN DE DEPORTES:

| | | | |
|---|---|---|---|
| **1** | **Fondos líquidos** | | **117.036,47** |
| **2** | **Dereitos pendentes de cobro (2.a +2.b +2.c -2.d)** | | **23.402,97** |
| a | Do orzamento corrente | 248,44 | |
| b | De orzamentos pechado | 22.829,04 | |
| c | De operacións non orzamentarias | 369,05 | |
| d | Cobros realizados pendentes de aplicación definitiva | 43,56 | |
| **3** | **Obrigas pendentes de pago (3.a +3.b +3.c -3.d)** | | **111.231,81** |
| | Do orzamento corrente | 99.826,57 | |
| | De orzamentos pechado | 2.526,14 | |
| | De operacións non orzamentarias | 12.379,10 | |
| | pagos pendentes de aplicación definitiva | 3.500,00 | |
| | **I. REMANENTE DE TESOURERÍA TOTAL** | | **29.207,63** |
| | **II. SALDOS DE DUBIDOSO COBRO** | | **22.083,99** |
| | **III. REMANENTE DE TESOURERÍA AFECTADO** | | **0,00** |
| | **IV. REMANENTE DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS** | | **7.123,64** |

2.- Que a presente Resolución sexa dada conta ao Consello Reitor da Fundación de Deportes, na vindeira sesión que celebre.

Así o dispón e asina o Sr. presidente da Fundación de Deportes, en Vilagarcía de Arousa, a vinte e un de marzo de dous mil vinte e cinco, ante mín a Secretaria Xeral, que Certifica.

Concello de
Vilagarcía de Arousa
Fundación de Deportes

Praza Ravella, 1
36600 · Vilagarcía de Arousa
T 986 56 68 98
CIF: P/8660001-B
fdeportes@vilagarcia.es ·www.vilagarcia.es

RESOLUCIÓN DO SR. PRESIDENTE DA FUNDACIÓN PÚBLICA DE SERVIZOS DEPORTIVOS MUNICIPAIS DO EXCMO. CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA D. CARLOS COIRA LOJO

Visto o escrito do Club Piragüismo Vilagarcía, no que solicita para a celebración da REGATA DA LIGA GALEGA DE KAYAK DE MAR, o vindeiro día 27 de abril do presente ano, o seguinte:

- Autorización do Concello para a súa celebración.
- Delimitación da zona de aparcamento no Peirao do Ramal para os clubes participantes e colaboradores do evento.
- Delimitación dun espazo na Praia da Concha conforme se indica no plano, para o bo desenvolvemento do evento.
- Colaboración da Policía Local co control da entrada e saída dos vehículos do aparcadoiro, das inmediacións da Praia da Concha.
- Colaboración de Protección Civil con dúas embarcacións de apoio e a ambulancia.
- Colaboración con embarcacións de apoio a maiores das de Protección Civil.
- Cesión dunha carpa para o avituallamento, así como que o citado avituallamento sea xestionado pola Fundación de Deportes.
- Cesión dun equipo de son, así como ter unha toma de corrente na zona de control.
- Acceso as duchas indicadas no plano, así como aos baños ubicados na entrada ao paseo dende o porto.
- Cesión de dous baños portátiles.
- A cesión e colocación do arco hinchable da Fudación de Deportes, así como de publicidade institucional do Concello e da Fundación de Deportes.
- Cartelería indicadora do evento, así como difusión do mesmo.
- Asistencia de representación do Concello, para a entrega de premios.

Asemade visto o informe do Sr. director Deportivo en relación ao asunto.

De conformidade co disposto nos vixentes Estatutos da Fundación de Deportes.

R E S O L V O:

Praza Ravella, 1
36600 · Vilagarcía de Arousa
T 986 56 68 98
CIF: P/8660001-B
fdeportes@vilagarcia.es ·www.vilagarcia.es

1.- Remitir a solicitude do Club Piragüismo Vilagarcía, EXP:DEPORT/2025/000207 de autorización da celebración da REGATA DA LIGA GALEGA DE KAYAK DE MAR, o vindeiro día 27 de abril do presente ano á Xunta de Goberno Local, así como darlle traslado da súa petición á Concellería de Seguridade Cidadá, Departamento da Policía Local do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa, para a emisión do correspondente informe previa a súa aprobación, se procede.

2.- Comunicalle que para a celebración da devandita regata, deberá presentar as autorizacións das administracións correspondentes (Capitanía Marítima, Autoridade Portuaria, Demarcación de Costas de Galicia e Portos de Galicia- Zona Sur), para a colocación do equipamento solicitado.

3.- Aprobar a cesión da publicidade institucional e do arco hinchable para a celebración do devandito evento e, que polo Servizo de Mantemento se leve a cabo o control e colaboración da súa colocación, dentro das dispoñibilidades existentes do Servizo de Mantemento, na súa xornada laboral, sen que isto xenere horas extraordinarias ao Servizo.

4.- Trasladar aos departamentos do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa que a continuación se relacionan as necesidades de colaboración, para a súa aprobación, se procede:

. Departamento de Obras, a cesión de 25 valadas e 1 carpa.

. Concellería de Seguridade Cidadá e Protección Civil, para a colaboración dos Departamento da Policía Local e Servizo Municipal de Xestión de Emerxencias e Protección Civil, para a súa colaboración de acordo ao seu escrito.

. Departamento de electricidade, colocación de un punto de corrente na zona de control

. Departamento de Auditorio, a cesión dun Equipo de Son.

. Área de Comunicación, a elaboración da cartelería publicitaria do evento.

. Departamento de medio ambiente, a habilitación das duchas e aseos das Praias da Concha e Compostela.

. Departamento de Protocolo, presnetación do evento e representación do Concello, para a entrega de premios.

Praza Ravella, 1
36600 · Vilagarcía de Arousa
T 986 56 68 98
CIF: P/8660001-B
fdeportes@vilagarcia.es ·www.vilagarcia.es

5.- Comunicarlle que previo ao inicio do montaxe/celebración da citada actividade-evento (data límite antelación de 72 horas), deberá presentar a seguinte documentación:

5.1) A póliza de Seguros de Responsabilidade Civil e a póliza de seguros de accidentes ou certificación da Federación correspondente indicando que e unha competición federada para todos os participantes no devandito evento.

5.2) Aportarase un compromiso escrito, de xeito pormenorizado, de manter cumprimento de todas as obrigas precisas para o desenvolvemento durante todo o período que abranguen os mesmos, e dicir dende a entrada ao recinto ata a saída definitiva.

5.3) O plano de situación e ocupación do desenvolvemento do evento, documentación que acredite a circunstancia de traballador ou voluntariado (declaración xurada da persoa, debéndose poñerlles en coñecemento das normas de seguridade e saúde no traballo que fosen de aplicación, así como da obriga de portar identificación) e, o compromiso por escrito de xeito pormenorizado de manter o cumprimento de todas as súas obrigas (declaración xurada do Club/Entidade Deportiva).

5.4) No caso de consumo de alimentos e bebidas, si os mesmos están en envases debidamente precintados porán ser distribuidos por persoal que conte coa cualificación pertinente. No resto dos casos deberase certificar o cumprimento da lexislación relativa a seguridade alimentaria. Si a elaboración realizase no recinto acompañarase tamén certificación do cumprimento da seguridade alimentaria das instalacións implicadas no proceso de elaboración.

6.- Que a presente Resolución sexa dada conta ao Consello Reitor da Fundación de Deportes, na vindeira sesión que celebre.

Así o dispón e asina o Sr. presidente da Fundación de Deportes, en Vilagarcía de Arousa, a vinte e un de marzo de dous mil vinte e cinco, ante mín a Secretaria Xeral, que Certifica.

Concello de
Vilagarcía de Arousa
Fundación de Deportes

Praza Ravella, 1
36600 · Vilagarcía de Arousa
T 986 56 68 98
CIF: P/8660001-B
fdeportes@vilagarcia.es ·www.vilagarcia.es

RESOLUCIÓN DO SR. PRESIDENTE DA FUNDACIÓN PÚBLICA DE SERVIZOS DEPORTIVOS MUNICIPAIS DO EXCMO. CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA D. CARLOS COIRA LOJO

Visto o escrito presentado pola Federación Galega de Tenis no que solicita, para a celebración do Campionato Galego de Pickleball, que se vai levar a cabo os vindeiros días 26 e 27 de abril do presente ano en horario de 10:00 a 21:00 horas, o seguinte:

- Autorización e uso das pistas deportivas do Parque da Xunqueira, os días e horario sinalado, así como o día 25 de abril para o montaxe do evento de 19:00 a 21:00 horas. No caso choiva, solicitase permiso de uso das pistas deportivas do Recinto Fexdega, cunha superficie similar as pistas do citado Parque.
- Autorizacion de uso de vestiarios e duchas dalgunha instalación deportiva cercana o desenvolvemento do evento.
- Cesión de 2 carpas con lastre e barreiras new jersey(16-20 pezas), para delimitar o perímetro de xogo.
- Cesión dun equipo de Son e colocación dunha toma de corrente para conectar a megafonía.
- A cesión e colocación do arco hinchable da Fudación de Deportes, así como de publicidade institucional do Concello e da Fundación de Deportes.
- Asistencia de representación do Concello, para a entrega de premios.

Asemade visto o informe do Sr. director Deportivo en relación ao asunto.

De conformidade co disposto nos vixentes Estatutos da Fundación de Deportes.

R E S O L V O:

1.- Remitir a solicitude da Federación Galega de Tenis, EXP: DEPORT/2025/000204 de autorización da celebración da Campionato Galego de Pickleball, o vindeiro día 26 e 27 de abril do presente ano á Xunta de Goberno Local, conforme ao informe emitido da Concellería de Seguridade Cidadá, Departamento da Policía Local do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa, para a súa aprobación, se

Praza Ravella, 1
36600 · Vilagarcía de Arousa
T 986 56 68 98
CIF: P/8660001-B
fdeportes@vilagarcia.es ·www.vilagarcia.es

procede. Así como a solicitude do día 25 de abril de 19:00 a 21:00 horas para a montaxe do evento.

Indicarlle ao citado Club que no caso de choiva autorizaselle as Pistas Deportivas do Recinto Fexdega os días e horarios solicitados.

2.- Autorizar o uso dos vestiarios con duchas do Recinto Fexdega, no caso de que o evento se leve a cabo no Parque da Xunquiera, o club deberá concretar o horario de uso dos citados vestiarios.

3.- Aprobar o translado das barreiras new jersey ao Parque da Xunqueira, así como a cesión da publicidade institucional e do arco hinchable para a celebración do devandito evento e, que polo Servizo de Mantemento se leve a cabo o control e colaboración da súa colocación, dentro das dispoñibilidades existentes do Servizo de Mantemento, na súa xornada laboral, sen que isto xenere horas extraordinarias ao Servizo.

4.- Trasladar aos departamentos do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa que a continuación se relacionan as necesidades de colaboración, para a súa aprobación, se procede:

. Departamento de Obras, a cesión de 2 carpas con lastre.

. Departamento de electricidade, colocación de un punto de corrente no Parque.

. Departamento de Auditorio, a cesión dun Equipo de Son.

. Departamento de Protocolo, presentación do evento e representación do Concello, para a entrega de premios.

5.- Comunicarlle que previo ao inicio do montaxe/celebración da citada actividade-evento (data límite antelación de 72 horas), deberá presentar a seguinte documentación:

5.1) A póliza de Seguros de Responsabilidade Civil e a póliza de seguros de accidentes ou certificación da Federación correspondente indicando que e unha competición federada para todos os participantes no devandito evento.

5.2) Aportarase un compromiso escrito, de xeito pormenorizado, de manter cumprimento de todas as obrigas precisas para o desenvolvemento durante todo o

Praza Ravella, 1
36600 · Vilagarcía de Arousa
T 986 56 68 98
CIF: P/8660001-B
fdeportes@vilagarcia.es ·www.vilagarcia.es

período que abranguen os mesmos, e dicir dende a entrada ao recinto ata a saída definitiva.

5.3) O plano de situación e ocupación do desenvolvemento do evento, documentación que acredite a circunstancia de traballador ou voluntariado (declaración xurada da persoa, debéndose poñerlles en coñecemento das normas de seguridade e saúde no traballo que fosen de aplicación, así como da obriga de portar identificación) e, o compromiso por escrito de xeito pormenorizado de manter o cumprimento de todas as súas obrigas (declaración xurada do Club/Entidade Deportiva).

5.4) No caso de consumo de alimentos e bebidas, si os mesmos están en envases debidamente precintados porán ser distribuidos por persoal que conte coa cualificación pertinente. No resto dos casos deberase certificar o cumprimento da lexislación relativa a seguridade alimentaria. Si a elaboración realizase no recinto acompañarase tamén certificación do cumprimento da seguridade alimentaria das instalacións implicadas no proceso de elaboración.

6.- Comunícaselle que no caso de usar o Recinto Fexdega para a celebración do evento, deberá cumprir coa normativa vixente en materia de Seguridade e Protección das persoas que asistan á actividade, indicándolle que:

a) A/s porta/s de emerxencia e as vías de evacuación manteranse desbloqueadas e libres de obstáculos en todo momento durante o desenvolvemento da actividade, non estando permitido facer outro uso das mesmas (instalación de mobiliario, pasos de mangueiras, tubos, cables, etc…).

b) Non se permite a instalación de ningún elemento que oculte ou dificulte a visualización da sinalización de evacuación, nin das luminarias de emerxencias existentes.

c) Non se permite dentro da instalación o uso de ningún elemento inflamable ou explosivo.

Lémbraselles a prohibición da venda de tabaco e bebidas alcohólicas e, a entrada de vasos ou obxectos de vidrio nas instalacións deportivas, conforme ao Regulamento Interno da Fundación de Deportes, aprobado polo Consello Reitor con data 14/09/2017 e a súa normativa vixente.

7.- Que a presente Resolución sexa dada conta ao Consello Reitor da Fundación de Deportes, na vindeira sesión que celebre.

Praza Ravella, 1
36600 · Vilagarcía de Arousa
T 986 56 68 98
CIF: P/8660001-B
fdeportes@vilagarcia.es ·www.vilagarcia.es

Así o dispón e asina o Sr. presidente da Fundación de Deportes, en Vilagarcía de Arousa, a vinte e un de marzo de dous mil vinte e cinco, ante mín a Secretaria Xeral, que Certifica.

Praza Ravella, 1
36600 · Vilagarcía de Arousa
T 986 56 68 98
CIF: P/8660001-B
fdeportes@vilagarcia.es ·www.vilagarcia.es

RESOLUCIÓN DO SR. PRESIDENTE DA FUNDACIÓN PÚBLICA DE SERVIZOS DEPORTIVOS MUNICIPAIS DO EXCMO. CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA D. CARLOS COIRA LOJO

Visto o escrito da Agrupación Deportiva Cortegada no que solicita, para a celebración do XIX TORNEO INTERNACIONAL MEMORIAL "MIGUEL ÁNGEL GONZÁLEZ ESTÉVEZ, os vindeiros días 11, 12 e 13 de abril do presente ano, o seguinte:

1.- Autorización das dependencias do Recinto de Fexdega, 4 pistas polideportivas reglamentarias do Recinto de Fexdega co seu equipamento deportivo, así como 1 sala para as reunións dos árbitros, 4 seminarios para gardar a equipaxe dos equipos, 1 seminario/oficina para a o comité organizador e a zona da cafetería.

2.- Autorización de entrada no citado Recinto o día anterior ao evento para deixar e organizar o material do mesmo.

3.-Cesión de diverso material indicado no seu escrito (carpas, mesas, cadeiras, valados, marcadores electrónicos, colectores, papeleiras,…)

4.- Habilitación e limpeza dos vestiarios e aseos públicos, así como a reposición de papel hixiénico.

5.- Habilitación dunha zona de asistencia médica.

6.- Cesión da Furgoneta da Fundación de Deportes para poder levar a cabo os traslados e recollidas de material do Torneo (Augas Mondariz, Larsa, etc…)

7.- Elaboración do diseño e impresión de cartelería en formato A0 (2 unidades), 50 carteis publicitarios en formato A3 e 4 impresións do cadro do Torneo en A0.

8.- Autorización para colocación dunha lona publicitaria do evento na parte exterior do Recinto Fexdega.

9.- Coordinación con Protección Civil durante a desenvolvemento do devandito Torneo.

Así como visto o informe do Sr. director Deportivo en relación ao asunto.

De conformidade co disposto nos vixentes Estatutos da Fundación de Deportes.

R E S O L V O:

Concello de
Vilagarcía de Arousa
Fundación de Deportes

Praza Ravella, 1
36600 · Vilagarcía de Arousa
T 986 56 68 98
CIF: P/8660001-B
fdeportes@vilagarcia.es ·www.vilagarcia.es

1.- Autorizar á Agrupación Deportiva Cortegada o uso das pistas polideportivas do Recinto de Fexdega para o desenvolvemento do XIX TORNEO INTERNACIONAL MEMORIAL "MIGUEL ÁNGEL GONZÁLEZ ESTÉVEZ, co seu equipamento deportivo, os vindeiros días 11, 12 e 13 de abril do presente ano. Debendo na maior brevidade posible, presentar o horario de uso das devanditas instalacións deportivas, dado que, o uso das citadas instalacións poderá xerar a realización de horas extraordinarias dun operario-conserxe do Servizo de Mantemento, que supón un custo de 11,41 €/h., con cargo á partida 341-151/13001, por estar fora da franxa horaria da devandita instalación deportiva.

2.- Comunicarlle que deberá deixar as citadas instalacións deportivas nas mesmas condicións en que se lles presta e responsabilizarse dos danos ou desperfectos que poideran causarse nas devanditas instalacións polos participantes na citada actividade.

3.- Autorización dos espacios do Recinto Fexdega de: dos vestiarios, do seminario, unha oficina para gardar o material preciso para a competición, unha sala médica e a zona da cafetería. Comunicándolle que para a levar a cabo o devandito Torneo nas dependecias do citado Recinto, o organizador do evento deberá contar coa seguinte documentación:

"1) Aportarase un compromiso escrito, de xeito pormenorizado, de manter o cumprimento de todas as obrigas precisas para o desenvolvemento do evento, durante todo o período que abrangue o mesmo, e dicir dende a entrada o recinto ata a saída definitiva.

2) Presentación do plan de autoprotección do evento, firmado por técnico competente e inscrito no REGAPE, onde se dispoñan as actuacións ante as diferentes emerxencias que poden darse durante o evento. Coidarase especialmente a non modificación/supresión dos elementos existentes na instalación. No caso de modificarse/suprimirse algún elemento de seguridade existente na instalación, explicitarase no plan de autoprotección. Os planos de evacuación existentes deberán ser actualizados segundo o recollido no devandito plan de protección.

3) Deberá presentarse a documentación que acredite de forma fehaciente a contratación dos traballadores implicados no proceso de montaxe/desmontaxe e/ou no desenvolvemento da actividade. No caso de voluntariado aportarase

Praza Ravella, 1
36600 · Vilagarcía de Arousa
T 986 56 68 98
CIF: P/8660001-B
fdeportes@vilagarcia.es ·www.vilagarcia.es

documentación que acredite tal circunstancia.Tanto no caso de traballadores como de voluntarios poráselles en coñecemento das normas de seguridade e saúde no traballo que fosen de aplicación así como da obriga de portar identificación. No caso de voluntarios acreditarase tal condición, mediante declaración xurada.

4) Presentación de certificación/s emitida/s por técnico competente, e visada/s polo colexio profesional correspondente de que a montaxe das estruturas necesarias, para o desenvolvemento do evento, está executada de acordo coa lexislación de aplicación garantindo desde xeito a solidez estrutural, estabilidade, idoneidade e demais circunstancias necesarias para a seguridade das persoas e das instalacións. A visita de verificación deberá ser acordada coa suficiente antelación, para que poida contar, si se considerase oportuno, coa presencia de persoal de Fexdega.

5) Si dentro das estruturas, existen instalacións eléctricas, de gas, neumáticas, etc. Os certificados de montaxe deberán indicar de xeito explícito que cumpren coa lexislación específica relativa a cada unha delas.

6) Presentación da certificación emitida por profesional con competencia na materia que acredite o cumprimento da lexislación relativa a seguridade alimentaria, cando se teñan que manipular alimentos/bebidas no recinto; no caso de que a manipulación estivese a cargo de empresas/persoal que tivese obriga de estar inscrito nos rexistros REGASA ou RGSEAA, deberá acreditar a mesma. Tamén se deberá presentar certificación da aptitude das instalacións implicadas no proceso de elaboración, tanto no seu aspecto alimentario coma técnico.

7) No caso de consumo de alimentos e bebidas, si os mesmos están en envases debidamente precintados porán ser distribuidos por persoal que conte coa cualificación pertinente.

8) Cumprimento estrito da lexislación en relación o consumo e venda de bebidas alcohólicas. En concreto as relativas o consumo de bebidas alcohólicas nos eventos deportivos e nos relacionados co público infantil. Isto tamén implica a ausencia total de publicidade, imaxes, marcas, logotipos, etc en relación ó tema.

9) Aportarase un plano de situación e ocupación do desenvolvemento do evento.

10) A responsabilidade do acontecido nas instalación a disposición do evento sera do organizador/promotor do mesmo, polo que o evento deberá quedar cuberto por unha póliza de seguro de responsabilidade civil por unha cuantía mínima de 300.000€.

Praza Ravella, 1
36600 · Vilagarcía de Arousa
T 986 56 68 98
CIF: P/8660001-B
fdeportes@vilagarcia.es ·www.vilagarcia.es

11) Deberá responsabilizarse da limpeza do espazo que ocupe/use e que unha vez rematado o evento deixe a zona nas condicións de limpeza anteriores o inicio do mesmo.

12) Deberá obedecelo disposto na Orde da Consellería de Xustiza relativa os horarios de apertura e peche. Así mesmo, tamén adaptará as emisións sonoras os límites establecidos na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións.

13) E requisito imprescindible para o inicio dos traballos de montaxe a presentación da documentación requirida, excepto a relativa a certificación de montaxe e/ou instalación"

4.- Ceder o material que a continuación se relaciona para a celebración do devandito evento e, que polo Servizo de Mantemento se leve a cabo o control e colaboración da súa colocación, dentro das dispoñibilidades existentes do Servizo de Mantemento, na súa xornada laboral, sen que isto xenere horas extraordinarias ao Servizo, así como asinar a correspondente folla de cesión de material por duplicado:

. 10 mesas.
. Papeleiras nas pistas e bancadas, así como colectores de lixo.
. Material de limpeza e mopas para limpeza das pistas.
. Marcadores electrónicos en cada pista.
. Toma de corrente nas mesas de cada pista.
. Colocación da 4 pista e das bancadas.

No relativo á utilización da furgoneta da Fundación de Deportes, non se pode autorizar o uso da mesma para o traslado de material necesario para o desenvolvemento do Torneo ao Recinto Fexdega, dado que o citado vehículo foi dado de baixa. Polo que o organizador do evento deberá dispor dun vehículo propio para realizar os traslados necesiarios do material do evento.

5.- Trasladar aos departamentos do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa que a continuación se relacionan as necesidade de colaboración, para a súa aprobación, se procede:

- Departamento de Obras, cesión de 400 cadeiras, 50 valadas e mesas e bancos necesarios para 50 persoas (zona de cafetería).
- Departamento de Alumeado, a colocación dunha pancarta publicitaria do devandito Memorial na fachada do Recinto Fexdega.

Praza Ravella, 1
36600 · Vilagarcía de Arousa
T 986 56 68 98
CIF: P/8660001-B
fdeportes@vilagarcia.es ·www.vilagarcia.es

- Servizo do Auditorio, a cesión dun Equipo de Son.
- Concellería de Seguridade Cidadá e Protección Civil, para a súa colaboración do Servizo Municipal de Xestión de Emerxencias e Protección Civil, cunha ambulancia e unha brigada de primeiros auxilios.
- Area de Comunicación, a súa petición da elaboración da cartelería do devandito evento.

Comunicarlle que no relativo a cesión das 4 carpas, desestimase a súa solicitude, dado que as carpas non son innífugas, e segundo plan de autoprotección da instalación non se poden instalar no interior do citado Recinto.

6.- Comunicarlle ao citado club, que no relativo a concesión das medallas, éstos deberán ser adquiridos polo organizador do evento.

7.- Comunicarlle que deberá cumprir, co establecido no Regulamento Interno das instalacións deportivas Municipais, en materia de publicidade e Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súa emisións sonoras aos límites establecidos na mesma.

8.- Comunicarlle que previo ao inicio do montaxe da citada actividade (data límite antelación de 72 horas), deberá presentar a seguinte documentacion

8.1) A póliza de Seguros de Responsabilidade Civil e a póliza de seguros de accidentes para todos os participantes da devandita actividade ou certificación da Federación Galega de Baloncesto conforme o evento deportivo é oficial e esta cuberto polo seguro das licenzas federativas (debendo indicar que cubren aos deportistas que veñan doutras comunidades)

No caso de que participe algún equipo extranxeiro, debera presentar o seguro de accidentes correspondente.

8.2) Elaboración e implantación dun Plan de Autoprotección do evento (Recinto Fexdega), certificación do cumprimento da lexislación relativa a seguridade alimentaria, o plano de situación e ocupación do desenvolvemento do evento, a documentación que acredite a circunstancia de traballador ou voluntariado, o compromiso por escrito de xeito pormenorizado de manter o cumprimento de todas as obrigas, tal como se solicita a os organizadores dos diferentes eventos en Fexdega.

Praza Ravella, 1
36600 · Vilagarcía de Arousa
T 986 56 68 98
CIF: P/8660001-B
fdeportes@vilagarcia.es ·www.vilagarcia.es

9.- Comunícaselle que deberá cumprir coa normativa vixente en materia de Seguridade e Protección das persoas que asistan á actividade, indicándolle que:

a) A/s porta/s de emerxencia e as vías de evacuación manteranse desbloqueadas e libres de obstáculos en todo momento durante o desenvolvemento da actividade, non estando permitido facer outro uso das mesmas (instalación de mobiliario, pasos de mangueiras, tubos, cables, etc…).

b) Non se permite a instalación de ningún elemento que oculte ou dificulte a visualización da sinalización de evacuación, nin das luminarias de emerxencias existentes.

c) Non se permite dentro da instalación o uso de ningún elemento inflamable ou explosivo.

Lémbraselles a prohibición da venda de tabaco e bebidas alcohólicas e, a entrada de vasos ou obxectos de vidrio nas instalacións deportivas, conforme ao Regulamento Interno da Fundación de Deportes, aprobado polo Consello Reitor con data 14/09/2017 e a súa normativa vixente.

10.- Que a presente Resolución sexa dada conta ao Consello Reitor da Fundación de Deportes, na vindeira sesión que celebre.

Así o dispón e asina o Sr. presidente da Fundación de Deportes, en Vilagarcía de Arousa, a vinte e cinco de marzo de dous mil vinte e cinco, ante mín a Secretaria Xeral, que Certifica.

Concello de
Vilagarcía de Arousa
Fundación de Deportes

Praza Ravella, 1
36600 · Vilagarcía de Arousa
T 986 56 68 98
CIF: P/8660001-B
fdeportes@vilagarcia.es ·www.vilagarcia.es

RESOLUCIÓN DO SR. PRESIDENTE DA FUNDACIÓN PÚBLICA DE SERVIZOS DEPORTIVOS MUNICIPAIS DO EXCMO. CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA D. CARLOS COIRA LOJO

Visto o escrito de Dna. Rosa Moral Castro, alumno do I.E.S. Sánchez Cantón no que solicita, a realización das prácticas deportivas en empresa, na Fundación Pública de Servizos Deportivos Municipais do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa, da titulación do curso de Técnico Superior en Ensinanza e Animación Socio Deportiva (T.S.E.A.S.D.). Así como visto o informe do Sr. Director Deportivo en relación ao asunto.

De conformidade co disposto nos vixentes Estatutos da Fundación de Deportes.

R E S O L V O:

1.- Aprobar a Dna. Rosa Moral Castro, a realización das prácticas deportivas en empresa, na Fundación Pública de Servizos Deportivos Municipais do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa, da titulación do curso de. Técnico Superior en Ensinanza e Animación Socio Deportiva (T.S.E.A.S.D.) Sen que iso implique relación funcionarial, laboral ou contractual algunha co Concello ou coa Fundación Pública de Servizos Deportivos Municipais do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa.

2.- Que se asine o convenio específico para o desenvolvemento da Formación en Centros de Traballo co I.E.S. Sánchez Cantón, para a realización das devanditas prácticas en empresa.

3.- Que a presente Resolución sexa dada conta ao Consello Reitor da Fundación de Deportes, na vindeira sesión que celebre.

Así o dispón e asina o Sr. presidente da Fundación de Deportes, en Vilagarcía de Arousa, a vinte e cinco de marzo de dous mil vinte e cinco, ante mín a Secretaria Xeral, que Certifica.

Concello de
Vilagarcía de Arousa
Fundación de Deportes

Praza Ravella, 1
36600 · Vilagarcía de Arousa
T 986 56 68 98
CIF: P/8660001-B
fdeportes@vilagarcia.es ·www.vilagarcia.es

RESOLUCIÓN DO SR. PRESIDENTE DA FUNDACIÓN PÚBLICA DE SERVIZOS DEPORTIVOS
MUNICIPAIS DO EXCMO. CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA
D. CARLOS COIRA LOJO

Visto o escrito presentado pola Federación Galega de Baloncesto, no que solicita autorización do uso de dúas pista de baloncesto, para a celebración das Fases Finais da Copa Xunta de Galicia categoría minibasket, os vindeiros 12 e 13 de abril do presente ano, no seguinte horario:

| **DÍA** | **HORARIO** |
|---|---|
| 12/04/2025 | 10:00 a 12:00 e de 16:00 a 18:00 horas |
| 13/04/2025 | 10:00 a 12:00 e as 17:00 horas |

Así como visto o informe do Sr. Director Deportivo en relación ao asunto.

De conformidade co disposto nos vixentes Estatutos da Fundación de Deportes.

R E S O L V O:

1.- Autorizar a Federación Galega de Baloncesto o uso das Instalacións Deportivas Municipais que a continuación se indican, para a celebración das Fases Finais da Copa Xunta de Galicia categoría minibasket, os vindeiros 12 e 13 de abril do presente ano, no seguinte horario:

| **DÍA** | **INSTALACIÓN** | **HORARIO** |
|---|---|---|
| 12/04/2025 | Pavillón Nº 1 do C.D.M. Fontecarmoa | 10:00-12:00 horas |
| | Pavillón Nº 2 do C.D.M. Fontecarmoa | 10:00-12:00 e de 16:00-18:00 horas |
| | Pavillón do IES Carril | 16:00-18:00 horas |
| 13/04/2025 | Pavillón Nº 1 e 2 do C.D.M. Fontecarmoa | 10:00-12:00 e ás 17:00 horas |

Indícaselle que deberá deixar a devandita instalación, nas mesmas condición en que se lle presta e, responsabilizándose dos danos ou desperfectos que poideran causarse na mesma polos participantes na citada actividade.

Concello de
Vilagarcía de Arousa
Fundación de Deportes

Praza Ravella, 1
36600 · Vilagarcía de Arousa
T 986 56 68 98
CIF: P/8660001-B
fdeportes@vilagarcia.es ·www.vilagarcia.es

2.- Indicarlle que deberá cumprir, co establecido no Regulamento Interno das instalacións deportivas Municipais, en materia de publicidade e Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras aos límites establecidos na mesma.

3.- Comunicarlle que previo ao inicio do montaxe/celebración da citada actividade (data límite antelación de 72 horas), deberá presentar a póliza de Seguros de Responsabilidade Civil e a póliza de seguros de accidentes para todos os participantes no devandito evento, así como indicarlle que durante o desenvolvemento do evento deberá contar con persoal responsable do evento.

4.- Comunicarlle que deberá cumprir coa normativa vixente en materia de Seguridade e Protección das persoas que asistan á actividade, indicándolle que:

a) A/s porta/s de emerxencia e as vías de evacuación manteranse desbloqueadas e libres de obstáculos en todo momento durante o desenvolvemento da actividade, non estando permitido facer outro uso das mesmas (instalación de mobiliario, pasos de mangueiras, tubos, cables, etc…).

b) Non se permite a instalación de ningún elemento que oculte ou dificulte a visualización da sinalización de evacuación, nin das luminarias de emerxencias existentes.

c) Non se permite dentro da instalación o uso de ningún elemento inflamable ou explosivo.

Así como lémbraselle a prohibición da venda de tabaco e bebidas alcohólicas e, a entrada de vasos ou obxectos de vidrio nas instalacións deportivas, conforme ao Regulamento Interno da Fundación de Deportes, aprobado polo Consello Reitor con data 06/06/2013 e a súa normativa vixente.

5.- Que a presente Resolución sexa dada conta ao Consello Reitor da Fundación de Deportes, na vindeira sesión que celebre.

Así o dispón e asina o Sr. Presidente da Fundación de Deportes, en Vilagarcía de Arousa a vinte e seis de marzo de dous mil vinte e cinco, ante mín a Secretaria Xeral, que Certifica.

Concello de
Vilagarcía de Arousa
Fundación de Deportes

Praza Ravella, 1
36600 · Vilagarcía de Arousa
T 986 56 68 98
CIF: P/8660001-B
fdeportes@vilagarcia.es ·www.vilagarcia.es

RESOLUCIÓN DO SR. PRESIDENTE DA FUNDACIÓN PÚBLICA DE SERVIZOS DEPORTIVOS MUNICIPAIS DO EXCMO. CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA D. CARLOS COIRA LOJO

Vista a Resolución do Sr. presidente con data 19/03/2025 no que se aproba á Escola Fútbol Sala Salnés, para a celebración da 3ª Concentración Campionato Galego Benxamín Feminino de Fútbol Sala, que se vai levar a cabo vindeiro día 1 de maio do presente ano, a concesión de 8 trofeos para a entrega de premios aos clubes participantes. Así como visto o informe-proposta do Sr. Presidente conforme ao informe-proposta da Dirección Deportiva, para a aprobación do orzamento presentado por DEPORTES RODAS VILAGARCIA, S.L. con CIF B36542330, pola adquisición do citado material, por un importe total de 133,20 € (IVE engadido).

Asemade vista a dilexencia do Sr. Interventor Xeral en relación ao asunto.

De conformidade co disposto nos vixentes Estatutos da Fundación de Deportes.

R E S O L V O:

1.- Adxudicar á empresa DEPORTES RODAS VILAGARCÍA, S.L. con CIF B36542330, a adquisición de de 8 trofeos para para a entrega de premios aos clubes participantes na 3ª Concentración Campionato Galego Benxamín Feminino de Fútbol Sala, que se vai levar a cabo o vindeiro día 1 de maio do presente ano, a tráves dun Contrato Menor de Subministros, por importe total de 133,20 € (IVE engadido), con cargo á partida 342-226,9901.

2.- Que a presente Resolución sexa dada conta ao Consello Reitor da Fundación de Deportes, na vindeira sesión que celebre.

Así o dispón e asina o Sr. presidente da Fundación de Deportes, en Vilagarcía de Arousa, a vinte e sete de marzo de dous mil vinte e cinco, ante mín a Secretaria Xeral, que Certifica.

Concello de
Vilagarcía de Arousa
Fundación de Deportes

Praza Ravella, 1
36600 · Vilagarcía de Arousa
T 986 56 68 98
CIF: P/8660001-B
fdeportes@vilagarcia.es ·www.vilagarcia.es

RESOLUCIÓN DO SR. PRESIDENTE DA FUNDACIÓN PÚBLICA DE SERVIZOS DEPORTIVOS MUNICIPAIS DO EXCMO. CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA D. CARLOS COIRA LOJO

Vista a Resolución do Sr. presidente con data 20/03/2025 no que se aproba á Fundación Galega contra o Narcotráfico, para a celebración do TORNEO INTERCIDADES EU SAÚDE PANOS BRANCOSCONTRA A DROGA, o vindeiro día 4 de abril do presente ano, a concesión de 4 trofeos para os gañadores de cada modalidade deportiva e 5 recordatorios para os IES participantes. Así como visto o informe-proposta do Sr. Presidente conforme ao informe-proposta da Dirección Deportiva, para a aprobación do orzamento presentado por DEPORTES RODAS VILAGARCIA, S.L. con CIF B36542330, pola adquisición do citado material, por un importe total de 123,25 € (IVE engadido).

Asemade vista a dilexencia do Sr. Interventor Xeral en relación ao asunto.

De conformidade co disposto nos vixentes Estatutos da Fundación de Deportes.

R E S O L V O:

1.- Adxudicar á empresa DEPORTES RODAS VILAGARCÍA, S.L. con CIF B36542330, a adquisición de de 4 trofeos para os gañadores de cada modalidade deportiva e 5 recordatorios para os IES participantes TORNEO INTERCIDADES EU SAÚDE PANOS BRANCOSCONTRA A DROGA, que se vai levar a cabo o vindeiro día 4 de abril do presente ano, a tráves dun Contrato Menor de Subministros, por importe total de 123,25 € (IVE engadido), con cargo á partida 342-226,9901.

2.- Que a presente Resolución sexa dada conta ao Consello Reitor da Fundación de Deportes, na vindeira sesión que celebre.

Así o dispón e asina o Sr. presidente da Fundación de Deportes, en Vilagarcía de Arousa, a vinte e sete de marzo de dous mil vinte e cinco, ante mín a Secretaria Xeral, que Certifica.

Concello de
Vilagarcía de Arousa
Fundación de Deportes

Praza Ravella, 1
36600 · Vilagarcía de Arousa
T 986 56 68 98
CIF: P/8660001-B
fdeportes@vilagarcia.es ·www.vilagarcia.es

RESOLUCIÓN DO SR. PRESIDENTE DA FUNDACIÓN PÚBLICA DE SERVIZOS DEPORTIVOS MUNICIPAIS DO EXCMO. CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA D. CARLOS COIRA LOJO

Vista a Resolución do Sr. presidente con data 14/03/2025 no que se aproba á Asociación Ares Arousa, para a celebración do CONCURSO TERRITORIAL DE DOMA CLASICA CDT1*, que se vai levar a cabo o vindeiro día 13 de abril do presente ano, a concesión de 51 trofeos para a entrega de premios. Así como visto o informe-proposta do Sr. Presidente conforme ao informe-proposta da Dirección Deportiva, para a aprobación do orzamento presentado por DEPORTES RODAS VILAGARCIA, S.L., pola adquisición dos citados trofeos, por un importe total de 395,25 € (IVE incluído).

Asemade vista a dilexencia do Sr. Interventor Xeral en relación ao asunto.

De conformidade co disposto nos vixentes Estatutos da Fundación de Deportes.

R E S O L V O:

1.- Adxudicar á empresa DEPORTES RODAS VILAGARCÍA, S.L., a adquisición de 51 trofeos para a entrega de premios no CONCURSO TERRITORIAL DE DOMA CLASICA CDT1*, que se vai levar a cabo o vindeiro día 13 de abril do presente ano, a tráves dun Contrato Menor de Subministros, por importe total de 395,25 € (IVE incluído), con cargo á partida 342-226,9901.

2.- Que a presente Resolución sexa dada conta ao Consello Reitor da Fundación de Deportes, na vindeira sesión que celebre.

Así o dispón e asina o Sr. presidente da Fundación de Deportes, en Vilagarcía de Arousa, a vinte e sete de marzo de dous mil vinte e cinco, ante mín a Secretaria Xeral, que Certifica.

Concello de
Vilagarcía de Arousa
Fundación de Deportes

Praza Ravella, 1
36600 · Vilagarcía de Arousa
T 986 56 68 98
CIF: P/8660001-B
fdeportes@vilagarcia.es ·www.vilagarcia.es

RESOLUCIÓN DO SR. PRESIDENTE DA FUNDACIÓN PÚBLICA DE SERVIZOS DEPORTIVOS
MUNICIPAIS DO EXCMO. CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA
D. CARLOS COIRA LOJO

Visto o escrito presentado polo Club Volibol XAV Cambados, no que solicita autorización do uso das pistas deportivas do Recinto Fexdega, para a celebración da Terceira Proba do Campionato Galego Benxamín e Prebenxamín de Voleibol en colaboración coa Federación Galega de Voleibol, que se levara a cabo o vindeiro día 5 de abril do presente ano, de 9:00 a 20:00 horas.

Así como visto o informe do Sr. Director Deportivo en relación ao asunto.

De conformidade co disposto nos vixentes Estatutos da Fundación de Deportes.

R E S O L V O:

1.- Autorizar ao Club Volibol XAV Cambados o uso das pista deportivas do Recinto Fexdega para a celebración da Terceira Proba do Campionato Galego Benxamín e Prebenxamín de Voleibol en colaboración coa Federación Galega de Voleibol, que se levara a cabo o vindeiro 5 de abril do presente ano, de 9:00 a 20:00 horas.

Indicarlle que o Club Volibol XAV Cambados non é un Club pertencente ao Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa, dado que e unha modalidade deportiva da cal non existe actividade federada no noso Concello é polo que se pode acceder a súa solicitude.

2.- Indícaselle que deberá deixar a devandita instalación, nas mesmas condición en que se lle presta e, responsabilizándose dos danos ou desperfectos que poideran causarse na mesma polos participantes na citada actividade.

3.- Indicarlle que deberá cumprir, co establecido no Regulamento Interno das instalacións deportivas Municipais, en materia de publicidade e Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras aos límites establecidos na mesma.

Concello de
Vilagarcía de Arousa
Fundación de Deportes

Praza Ravella, 1
36600 · Vilagarcía de Arousa
T 986 56 68 98
CIF: P/8660001-B
fdeportes@vilagarcia.es ·www.vilagarcia.es

4.- Comunicarlle que previo ao inicio do montaxe/celebración da citada actividade (data límite antelación de 72 horas), deberá presentar a póliza de Seguros de Responsabilidade Civil e a póliza de seguros de accidentes para todos os participantes no devandito evento, así como indicarlle que durante o desenvolvemento do evento deberá contar con persoal do club responsable do evento.

5.- Comunicarlle que deberá cumprir coa normativa vixente en materia de Seguridade e Protección das persoas que asistan á actividade, indicándolle que:

a) A/s porta/s de emerxencia e as vías de evacuación manteranse desbloqueadas e libres de obstáculos en todo momento durante o desenvolvemento da actividade, non estando permitido facer outro uso das mesmas (instalación de mobiliario, pasos de mangueiras, tubos, cables, etc…).

b) Non se permite a instalación de ningún elemento que oculte ou dificulte a visualización da sinalización de evacuación, nin das luminarias de emerxencias existentes.

c) Non se permite dentro da instalación o uso de ningún elemento inflamable ou explosivo.

Así como lémbraselle a prohibición da venda de tabaco e bebidas alcohólicas e, a entrada de vasos ou obxectos de vidrio nas instalacións deportivas, conforme ao Regulamento Interno da Fundación de Deportes, aprobado polo Consello Reitor con data 06/06/2013 e a súa normativa vixente.

6.- Que a presente Resolución sexa dada conta ao Consello Reitor da Fundación de Deportes, na vindeira sesión que celebre.

Así o dispón e asina o Sr. Presidente da Fundación de Deportes, en Vilagarcía de Arousa a vinte e sete de marzo de dous mil vinte e cinco, ante mín a Secretaria Xeral, que Certifica.

Concello de
Vilagarcía de Arousa
Fundación de Deportes

Praza Ravella, 1
36600 · Vilagarcía de Arousa
T 986 56 68 98
CIF: P/8660001-B
fdeportes@vilagarcia.es ·www.vilagarcia.es

SR. PRESIDENTE DA FUNDACIÓN PÚBLICA DE SERVIZOS DEPORTIVOS MUNICIPAIS DO EXCMO. CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA
D. CARLOS COIRA LOJO

Visto o escrito do CLUB/ENTIDADE DEPORTIVA: CLUB TALITRUS FÚTBOL PRAYA no que solicita:

- Inscrición no Rexistro de Clubes/Entidades Deportivas da Fundación Pública de Servizos Deportivos Municipais, presentando a documentación necesaria, conforme ao acordo do Consello Reitor en sesión con data 06/04/2017.
- Aprobación do correspondente Convenio Económico para a bonificación do prezo público pola utilización das instalacións deportivas municipais.

De conformidade co disposto nos vixentes Estatutos da Fundación de Deportes.

R E S O L V O:

1.- Prestarlle a súa conformidade á inscrición do CLUB/ENTIDADE DEPORTIVA: CLUB TALITRUS FÚTBOL PRAYA, no rexistro de Clubes/Entidades deportivas da Fundación de Deportes.

2.- Informar favorablemente á sinatura do Convenio Económico co citado Club así como, remitir a solicitude ao Consello Reitor para a súa aprobación, se procede.

3.- Comunícaselle que no prazo improrrogable de 10 días, contados a partir do seguinte ao recibo da presente, deberá presentar certificacións Orixinais ou Fotocopias Compulsadas, das Administracións correspondentes de estar ao corrente nos pagos coa Seguridade Social, Axencia Tributaria, Consellería de Economía e Facenda e Recadación Municipal e, ingresar na conta bancaria da Fundación de Deportes (ABANCA, ES16 2080 5067 1130 4003 1153) a cantidade de 100,00 €, en concepto de fianza-depósito para garantir o correcto uso das instalacións. Advírteselle que en caso de non facelo así, no prazo indicado, entenderase que desiste da súa solicitude, o que conlevará o arquivo da mesma.

Praza Ravella, 1
36600 · Vilagarcía de Arousa
T 986 56 68 98
CIF: P/8660001-B
fdeportes@vilagarcia.es ·www.vilagarcia.es

4.- Que a presente Resolución sexa dada conta ao Consello Reitor da Fundación de Deportes, na vindeira sesión que celebre.

Así o dispón e asina o Sr. presidente da Fundación de Deportes, en Vilagarcía de Arousa, a vinte e oito de marzo de dous mil vinte e cinco, ante mín a Secretaria Xeral, que Certifica.

Praza Ravella, 1
36600 · Vilagarcía de Arousa
T 986 56 68 98
CIF: P/8660001-B
fdeportes@vilagarcia.es ·www.vilagarcia.es

RESOLUCIÓN DO SR. PRESIDENTE DA FUNDACIÓN PÚBLICA DE SERVIZOS DEPORTIVOS MUNICIPAIS DO EXCMO. CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA D. CARLOS COIRA LOJO

Vista a Resolución do Sr. presidente con data 27/02/2025 no que se aproba ao OS INGLESES RUGBY CLUB, para a celebración do IV TORNEO SANTA RITA DE RUGBI 7, o vindeiro día 24 de maio do presente ano, a concesión de 7 trofeos para a entrega de premios. Así como visto o informe-proposta do Sr. Presidente conforme ao informe-proposta da Dirección Deportiva, para a aprobación do orzamento presentado por DEPORTES RODAS VILAGARCIA, S.L.,pola adquisición dos citados trofeos, por un importe total de 101,65 € (IVE engadido).

Asemade vista a dilexencia do Sr. Interventor Xeral en relación ao asunto.

De conformidade co disposto nos vixentes Estatutos da Fundación de Deportes.

R E S O L V O:

1.- Adxudicar á empresa DEPORTES RODAS VILAGARCÍA, S.L., a adquisición de 7 trofeos para a entrega de premios no IV TORNEO SANTA RITA DE RUGBI 7, o vindeiro día 24 de maio do presente ano, a tráves dun Contrato Menor de Subministros, por importe total de 101,65 € (IVE engadido), con cargo á partida 342-226,9901.

2.- Que a presente Resolución sexa dada conta ao Consello Reitor da Fundación de Deportes, na vindeira sesión que celebre.

Así o dispón e asina o Sr. presidente da Fundación de Deportes, en Vilagarcía de Arousa, a trinta e un de marzo de dous mil vinte e cinco, ante mín a Secretaria Xeral, que Certifica.

Concello de
Vilagarcía de Arousa
Fundación de Deportes

Praza Ravella, 1
36600 · Vilagarcía de Arousa
T 986 56 68 98
CIF: P/8660001-B
fdeportes@vilagarcia.es ·www.vilagarcia.es

RESOLUCIÓN DO SR. PRESIDENTE DA FUNDACIÓN PÚBLICA DE SERVIZOS DEPORTIVOS MUNICIPAIS DO EXCMO. CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA D. CARLOS COIRA LOJO

Visto a proposta do Sr Presidente conforme ao informe-proposta da Dirección Deportiva en relación a adxudicación da xestión indirecta da actividade de Ximnasia Acuática (meses de abril, maio e xuño ano 2025) ofertada no 3º Curso de Actividades Físico-Deportivas para Adultos conforme PROXECTO DE ACTIVIDADES FISICO DEPORTIVAS DE ADULTOS, curso 2024/2025, segundo o presuposto presentado pola empresa SERVIOCIO CULTURA E RECREACIÓN, S.L., por importe total de 766,36 € por 28 sesións (sendo o custo total da sesión e de 27,37 €/sesión).

De conformidade co disposto nos vixentes Estatutos da Fundación de Deportes.

R E S O L V O:

1.-Adxudicar á empresa SERVIOCIO CULTURA E RECREACIÓN, S.L., a xestión indirecta da actividade de Ximnasia Acuática (meses de abril, maio e xuño ano 2025) ofertada no 3º Curso de Actividades Físico-Deportivas para Adultos conforme PROXECTO DE ACTIVIDADES FISICO DEPORTIVAS DE ADULTOS, curso 2024/2025, a través dun Contrato Menor de Servizos, por importe total de 766,36€ por 28 sesións (sendo o custo total da sesión e de 27,37 €/sesión), con cargo á partida 342-226,09.

2.- Comunícaselle que dende o día 15 de xaneiro de 2015, entrou en vigor a facturación electrónica (Lei 25/2013 de 27 de decembro), por iste motivo se informa aos proveedores da obriga de incluir nas facturas que emitan a esta Fundación de Deportes os Códigos DIR 3 deste Organismo Autónomo e a traves da Plataforma do Estado FACE:

| DIR 3: FUNDACIÓN DE DEPORTES | |
|---|---|
| OC: LA0003309 | INTERVENCIÓN DELEGADA |
| OG: LA0003309 | PRESIDENCIA |
| UT: LA0003309 | ADMINISTRACIÓN |

(Recoméndase que estos códigos figuren xunto cos datos identificativos da Fundación de Deportes: Fundación de Deportes Concello de Vilagarcía de Arousa – P8660001B

Praza Ravella, 1
36600 · Vilagarcía de Arousa
T 986 56 68 98
CIF: P/8660001-B
fdeportes@vilagarcia.es ·www.vilagarcia.es

Praza Ravella nº 1
36600 Vilagarcía de Arousa (Pontevedra)

4.- Que a presente Resolución sexa dada conta ao Consello Reitor da Fundación de Deportes, na vindeira sesión que celebre.

Así o dispón e asina o Sr. Presidente da Fundación de Deportes, en Vilagarcía de Arousa, a trinta e un de marzo de dous mil vinte e cinco, ante mín a Secretaria Xeral, que Certifica.

Concello de
Vilagarcía de Arousa
Fundación de Deportes

Praza Ravella, 1
36600 · Vilagarcía de Arousa
T 986 56 68 98
CIF: P/8660001-B
fdeportes@vilagarcia.es ·www.vilagarcia.es

RESOLUCIÓN DO SR. PRESIDENTE DA FUNDACIÓN PÚBLICA DE SERVIZOS DEPORTIVOS
MUNICIPAIS DO EXCMO. CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA
D. CARLOS COIRA LOJO

Visto o informe-proposta do Sr. Presidente conforme ao informe-proposta da Dirección Deportiva relativa á adxudicación dos gastos derivados da celebración da XXXII GALA DA FESTA LOCAL DO DEPORTE, que se levou a cabo o pasado 28 de marzo do presente ano, dacordo o ao orzamento de gastos aprobado polo Consello Reitor con data 12/02/2025 e, para os que se presentaron presupostos das empresas que a continuación se relacionan por importe total de 4.006,70 € (IVE engadido):

| **PROVEEDOR** | **CONCEPTO** | **IMPORTE** |
|---|---|---|
| D. RAFA SABUQUEIRO SÁNCHEZ | | |
| DNI 35454061K | Gravación vídeo | 1.936,00 € |
| DEPORTES RODAS VILAGARCIA, S.L. | | |
| CIF B36542330 | Trofeos | 315,50 € |
| D. YOAN GONZÁLEZ CHEMÉNDEZ | | |
| NIF X8223444R | Ágape | 1.355,20 € |
| DNA. EREA HIERRO GONZÁLEZ | | |
| DNI 35481620ª | Presentador | 400,00 € |
| | Total | 4.006,70 € |

Así como, propónse a anulación do sobrante de gastos aprobados para a celebración do citado evento, por importe total de 1.263,30 € co desglose que a continuación se indica, volvendo ás partidas correspondentes do orzamento da Fundación de Deportes.

| **CONCEPTO** | **IMPORTE** | **APLICACIÓN** |
|---|---|---|
| Grabación/Montaxe/Edición Vídeo | 64,00 € | 342-226,09 |
| Trofeos | 934,50 € | 342-226,9901 |
| Presentador | 200,00 € | 342-226,09 |

Concello de
Vilagarcía de Arousa
Fundación de Deportes

Praza Ravella, 1
36600 · Vilagarcía de Arousa
T 986 56 68 98
CIF: P/8660001-B
fdeportes@vilagarcia.es ·www.vilagarcia.es

Imprevistos 64,80 € 342-226,09

TOTAL 1.263,30 €

De conformidade co disposto nos vixentes Estatutos da Fundación de Deportes.

R E S O L V O:

1.- Adxudicar as empresas que a continuación se relacionan os gastos pola celebración da XXXII GALA DA FESTA LOCAL DO DEPORTE, que se levou a cabo o pasado 28 de febreiro do presente ano, a través dun contrato menor de servizos e subministros, por importe total de 4.006,70 € (IVE engadido):

| **PROVEEDOR** | **CONCEPTO** | **IMPORTE** | **PARTIDA** |
|---|---|---|---|
| D. RAFA SABUQUEIRO SÁNCHEZ DNI 35454061K | Gravación vídeo | 1.936,00 € | 342-226,09 |
| DEPORTES RODAS VILAGARCIA, S.L. CIF B36542330 | Trofeos | 315,50 € | 342-226,9901 |
| D. YOAN GONZÁLEZ CHEMÉNDEZ NIF X8223444R | Ágape | 1.355,20 € | 342-226,09 |
| DNA. EREA HIERRO GONZÁLEZ DNI 35481620ª | Presentador | 400,00 € | 342-226,09 |
| | Total | 4.006,70 € | |

Dado que o gasto inicial aprobado polo Consello Reitor con data 12/02/2025 para o ágape foi insuficiente, superando a cuantía aprobada incialmente en 235,20 €, foi necesario facer uso da partida de imprevistos para afrontar o devandito gasto.

2.- Aprobar a anulación do sobrante dos gastos aprobados para a celebración do citado evento por importe de 1.263,30 € co desglose que a continuación se indica, volvendo ás partidas correspondentes do orzamento da Fundación de Deportes.

| **CONCEPTO** | **IMPORTE** | **APLICACIÓN** |
|---|---|---|
| Grabación/Montaxe/Edición Vídeo | 64,00 € | 342-226,09 |
| Trofeos | 934,50 € | 342-226,9901 |
| Presentador | 200,00 € | 342-226,09 |
| Imprevistos | 64,80 € | 342-226,09 |
| TOTAL | 1.263,30 € | |

3.- Que a presente Resolución sexa dada conta ao Consello Reitor da Fundación de Deportes, na vindeira sesión que celebre.

Así o dispón e asina o Sr. presidente da Fundación de Deportes, en Vilagarcía de Arousa, a trinta e un de marzo de dous mil vinte e cinco, ante mín a secretaria Xeral, que Certifica.

Concello de
Vilagarcía de Arousa
Fundación de Deportes

Praza Ravella, 1
36600 · Vilagarcía de Arousa
T 986 56 68 98
CIF: P/8660001-B
fdeportes@vilagarcia.es ·www.vilagarcia.es